A materia tamén deberá contribuír a outros plans incluídos no Proxecto Educativo do centro como o Plan de Actividades do Departamento de Orientación, se fora necesario, o Plan de Acción Titorial, o Plan de Atención á Diversidade ou o Proxecto Lingüístico de Centro, tendo presente en todo momento a Programación Xeral Anual que se redactou a inicio de curso

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto da editorial : Obradoiro Santillana, proxecto construíndo mundos. Bioloxía e Xeoloxía 1 ESO
Fichas de actividades de consolidación
Fichas de actividades de reforzo

Fichas de actividades de ampliación
Caderno do alumno de clase
Dotación da aula
Laboratorio: instrumentación e materiais
Caderno de laboratorio do alumno

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases consiste nunha aula convenientemente equipada cun encerado dixital e outro tradicional, dispoñendo o alumnado de pupitres individuais, o que facilitará os necesarios cambios na súa distribución para o traballo en parellas ou grupal.

O espazo empregado para as clases prácticas será o laboratorio de ciencias, dotado do instrumental e materiais presentes de xeito habitual nun laboratorio escolar.

O alumnado gardará e clasificará no caderno correspondente, non só todos aqueles documentos impresos que lle sexan entregados ao longo do curso, senón tamén os xerados por eles mesmos. Entre os recursos impresos mencionados destacan as fichas de comprensión lectora, as fichas de actividades de consolidación e as actividades de reforzo e de ampliación específicas para cada alumno. Para as prácticas de laboratorio o alumno levará un rexistro de ditas prácticas nun caderno de laboratorio.

No que se refire ás ferramentas que centrarán o traballo do alumnado na aula, as principais serán o libro de texto recomendado polo Departamento de Bioloxía e Xeoloxía do centro, caderno de clase e casa e o caderno de laboratorio, recursos indispensable que serán solicitado periodicamente para a súa avaliación.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha valoración ou proba inicial oral ou escrita baseada en competencias e contidos básicos. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como o seu coñecemento das destrezas da materia así como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. Dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como as actividades de reforzo e ampliación no caso de ser necesarias. Así mesmo esta información utilizarase para consensuar a distribución do alumnado na aula con criterios pedagóxicos

Os resultados de dita proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e co coñecemento e a intervención do Departamento de Orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	13	12	13	12	12	13	13	12	100
Proba escrita	70	70	70	70	70	70	70	70	70

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	13	12	13	12	12	13	13	12	100
Táboa de indicadores	30	30	30	30	30	30	30	30	30

Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación son os seguintes :

a) Probas orais e escritas: a nota media dos exames, representarán un 70% da nota do alumno en cada avaliación. As notas dos exames inferiores a 4 puntos indicarán que o alumno non acadou o grado mínimo de consecución que permiten superar os CA desa parte da materia, polo que o alumno que se atope nesta situación deberá recuperar esta parte da materia.

b) Prácticas de laboratorio: a nota na realización das prácticas, e a entrega do caderno de práctica correctamente cumprimentado coas actividades propostas para cada práctica ,e entregado no tempo indicado pola profesora, correspondente cos : C A 1.3 , CA 1.5 e CA 1.6 representará un 10% da nota do alumno en cada avaliación.

c) A realización das tarefas na clase, a participación e seguemento das clases, o caderno de aula, e a participación correcta no traballo cooperativo , correspondente cos CA. 1.1, CA 1.2, e CA 1.7 representará un 10% da nota do alumno en cada avaliación.

d) A realización de traballos, a presentación dos deberes, e a súa entrega correcta e en prazo do seu rexistro tanto en papel, coma oralmente, coma pola aula virtual, e/ou drive, e/ou correo electrónico segundo a profesora os pida, correspondente cos CA. 1.1, CA 1.2, CA 1.4, CA 1.8 representará un 10% da nota do alumno en cada avaliación.

Para obter a cualificación final da materia procederase do seguinte xeito :

Un 70% da media de todos os exames superados do curso, máis a media dos apartados b), c) e d) que representarán o 30% da nota.

Criterios de recuperación:

Despois de cada avaliación os alumnos que teñan esta parte da materia suspensa, é dicir con menos dun 5, deberán facer un exame de recuperación dos exames suspensos.

O alumnado que non superou toda a materia (É dicir con 1 ou máis avaliacións suspensas) antes da avaliación final terá a posibilidade de realizar un exame da avaliación/s ou da partes/s suspensas co fin de superar a materia. A nota deste exame final deberá ser igual ou superior a 4, e se considerará que o alumno ou alumna superou a materia se a cualificación final, despois de aplicar as porcentaxes que figuran no apartado de criterios de cualificación, é igual ou superior a 5.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Non teñen materias pendentes ao tratarse dun curso de 1º da ESO .

De ter promocionado de primaria sen ter superada a materia de Ciencias da Natureza realizarase un seguimento individualizado do alumna/ o a fin de establecer reforzo educativo dirixido a garantir que o proceso de ensino non se vexa afectado por este feito

Cos alumnos/ as que cursen 2º da ESO coa materia de Bioloxía e Xeoloxía de 1º da ESO suspensa tomaranse as medidas acordadas no departamento, e que quedan reflectidas no plan de reforzo para alumnos pendentes que se lles fai entrega aos alumnos e a súa familia nas primeiras semanas do curso.

6. Medidas de atención á diversidade

Para os alumnos con Necesidades Específicas de Apoio Educativo serán deseñadas de xeito específico actividades en cada unha das unidades didácticas (enunciados curtos, unir, completar, ordenar, sinalar...), así como probas escritas adaptadas ás súas características específicas. Estas probas, se ben presentarán os mesmos contidos en concordancia cos criterios de avaliación, estarán formuladas de xeito máis directo e compostas por cuestións análogas ás anteriormente comentadas. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión da lectura	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X

Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición
Asistencia á proxección da película de cine submarino : el mundo desconocido de los signátidos	Asistencia á proxección na sede de A fundación Abanca
Charla e taller do proxecto : El bosque animado de Moaña	Asistencia á charla taller
Estudo ecolóxico do bosque de Coiro e plantación de árbores autóctonas	Actividade realizada cos membros da Comunidade de Montes de Coiro

Observacións:

Non se descarta a posibilidade de que xurda outra actividade xa comezado o curso

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumno
Participación activa de todo o alumnado
Adecuación á temporalización das unidades didácticas
Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado
Toma de medidas de atención a diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades
Toma de medidas de atención a diversidade para atender ao alumnado con NEAE na elaboración de probas escritas
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas
Utilización dos distintos instrumentos de avaliación
Combinación do traballo individual co traballo cooperativo
Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación e ampliación

Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto. O documento elaborado para levar dito seguimento constituirase como un caderno de traballo na aula. Neste caderno do profesor, reflectirase o desenvolvemento efectivo das sesións, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos recursos dispoñibles
Nas reunións de departamento comentarase o grado de consecución dos CA de cada unidade didáctica para tomar as medidas pertinentes.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019475	IES de Rodeira	Cangas	2022/2023

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Cultura clásica	3º ESO	3	105

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	14
4.2. Materiais e recursos didácticos	14
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	15
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	15
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	16
6. Medidas de atención á diversidade	17
7.1. Concreción dos elementos transversais	18
7.2. Actividades complementarias	19
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	19
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	20
9. Outros apartados	21

1. Introducción

A materia de Cultura Clásica comprende unha bagaxe de coñecementos cuxo eixe central vén constituído polo modo de entender o mundo e o ser humano que tiñan as civilizacións grega e romana. As manifestacións desa cultura converxen en varios campos da acción e do pensamento humano, nunha secuencia temporal que chega ata hoxe mesmo e que se estende desde a filosofía e o dereito ata as linguas de moitos países e as súas literaturas, e desde as cidades e a súa organización, o deporte, a educación, ata o mundo da arte, o urbanismo e a vida cotiá.

A través de Cultura Clásica preténdese iniciar o alumnado nun exercicio de reflexión e análise sobre as bases en que descansan realidades moi importantes da nosa cultura, confrontándoas co que coñecemos como legado clásico: un patrimonio común que debe ser considerado irrenunciable.

Nesta programación en relación aos obxectivos, non fixemos modificación ningunha con respecto aos descritores sinalados no currículo por parecernos suficientes e, sobre todo, xa que pode ter influencia no peso relativo da materia na adquisición das competencias clave.

Organizamos os contidos dos seis bloques do currículo en unidades didácticas que compatibilicen os de carácter cultural e lingüístico e, así, intentar atopar un equilibrio tanto no número de sesións dedicadas a cada apartado como o peso porcentual.

Así, situamos na primeira avaliación, nas primeiras sesións do curso, as UD referidas á xeografía, historia e política de Grecia e Roma. Algunha das UD trataranse de forma sucesiva nos tres trimestres, p. ex., a mitoloxía, latinismos, fraseoloxía grecolatina. Por outra banda, no segundo trimestre situamos o apartado de sociedade, familias lingüísticas e escritura e no terceiro, os espectáculos públicos, helenismos e latinismos e literatura.

No apartado metodolóxico explicamos algúns dos recursos posibles a empregar nesta materia: lectura de textos; comunicación oral en público; procura, selección e xestión de información; aprendizaxe cooperativa; etc.

En canto ao peso dos instrumentos de avaliación, buscamos un equilibrio entre as propostas de probas escritas (50 %) e as táboas de indicadores (50 %).

Os elementos transversais que incluimos son os que xa aparecen para este nivel no propio currículo. A eses nove elementos sumamos un décimo dedicado á educación para a paz.

Finalmente, no que atinxe á avaliación da práctica docente propoñemos utilizar varios instrumentos como rúbricas, enquisas e cuestionarios para a recollida de información entre o alumnado para poder revisar e modificar aqueles elementos desta programación que presenten algún problema.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir o mundo grecorromano desde as facetas xeográfica e histórica, localizándoo no espazo e no tempo mediante o uso da cartografía e os eixes cronolóxicos para que sirva de punto de partida do resto de coñecementos.	2		4			1		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Recoñecer as influencias da mitoloxía clásica analizando a literatura, o cinema, o teatro, a publicidade, a arte en xeral e mesmo aspectos da vida cotiá, para entender a orixe deses elementos herdados e usalos correctamente.				2	3-4-5			1-2
OBX3 - Identificar de maneira xeral etapas e estilos a través de obras salientables da arte grecolatina para recoñecer e interpretar eses elementos en exemplos doutras épocas ou movementos artísticos e culturais.								1-2
OBX4 - Recoñecer os elementos presentes do pasado grecolatino en aspectos actuais tales como a política, os usos e costumes da sociedade, a situación da muller, o dereito, a educación e as formas de lecer, establecendo comparacións para comprender mellor o mundo que nos rodea.	2					1-2		
OBX5 - Tomar conciencia do valor das linguas clásicas, a través da súa perspectiva etimolóxica e como elemento transmisor das civilizacións grega e romana, para non esquecer que foron linguas vivas e que, nalgunha medida, seguen a selo.	4	2-3						
OBX6 - Apreciar o mundo grecorromano mediante a investigación da súa herdanza actual de forma que se respecte e valore o que representa o legado e o patrimonio do mundo clásico e a obriga como cidadáns que temos de preservalo e transmitilo á posteridade.	1-3	3		1-3	3-4-5		3	

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Xeografía de Grecia e do Imperio Romano	Marcos xeográficos en que se desenvolven as civilizacións grega e romana ao longo da súa historia. Localización nun mapa en soporte papel e dixital fitos xeográficos e enclaves concretos relevantes para o coñecemento das civilizacións grega e romana.	6	6	X		
2	Historia de Grecia e do Imperio Romano	Marco histórico da civilización grega: das civilizacións minoica e micénica ao mundo helenístico. Etapas, feitos importantes e mulleres e homes relevantes. Marco histórico da civilización romana: Monarquía, República e Imperio. Etapas, feitos importantes e mulleres e homes relevantes. Presenza de Grecia e Roma na Península Ibérica.	6	6	X	X	X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	Historia de Grecia e do Imperio Romano	A romanización de Hispania e a da Gallaecia.	6	6	X	X	X
3	Mitoloxía grecorromana	Cosmogonía. Teogonía. O panteón grego e romano. Mitos grecolatinos. Orixes e funcións. Os heroes o as heroínas. Pervivencia da mitoloxía nas manifestacións artísticas, literarias e na publicidade. Relixión grega: cultos, santuarios e oráculos. Relixión romana: culto público e privado. Mitoloxía e temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais.	25	30	X	X	X
4	Arte grecorromana	Fundamentos e etapas da arte clásica. Arquitectura en Grecia e Roma: tipos de edificios e ordes arquitectónicas. Escultura en Grecia e Roma: etapas, estilos e temáticas. Enxeñería romana: obras públicas e urbanismo. Vías romanas. Herdanza clásica no patrimonio artístico en Europa en xeral e en Galicia en concreto. Presenza da civilización grecolatina nas artes.	8	10	X	X	X
5	Política	Organización política en Grecia e en Roma: formas de goberno e institucións. Presenza da civilización grecolatina na organización política actual.	5	4		X	
6	Sociedade	Sociedade en Grecia e Roma: clases sociais. A escravitude. A familia en Grecia e Roma. Roles dos seus membros; situación da muller. Vida cotiá en Grecia e Roma: vivenda, hixiene, alimentación, vestimenta e traballo. Presenza da civilización grecolatina na organización social actual.	8	8		X	
7	Espectáculos públicos	Os espectáculos públicos en Grecia e Roma.	8	8			X
8	Familias lingüísticas	As linguas do mundo. O indoeuropeo e as súas familias lingüísticas. As linguas romances	2	1	X		
9	Escritura	Historia da escritura. Tipos de escritura, materiais e soportes. Orixe do alfabeto. O alfabeto grego e o abecedario latino.	10	10	X		
10	Helenismos e latinismos	Composición e derivación culta de orixe grega e latina. Latinismos, palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos. Principais regras de evolución fonética do latín ao galego e ao castelán. Léxico grecolatino na linguaxe común e na científica e técnica.	10	10	X	X	X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
10	Helenismos e latinismos	Presenza das linguas clásicas nas linguas modernas.	10	10	X	X	X
11	Literatura	Xéneros literarios grecolatinos: autores e obras principais.	8	6			X
12	Fraseoloxía en grego e latín	Fórmulas básicas de saúde en latín e/ou grego, e fraseoloxía básica do mundo escolar.	4	6	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Xeografía de Grecia e do Imperio Romano	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Describir os marcos xeográficos en que se desenvolven as civilizacións grega e romana ao longo da súa historia.	Descibir axeitadamente en formato papel ou en liña a maioría das localizacións propostas	PE	90
CA1.2 - Localizar nun mapa en soporte papel e dixital fitos xeográficos e enclaves concretos relevantes para o coñecemento das civilizacións grega e romana.	Localizar en mapas en formato papel ou en liña as localizacións propostas		
CA6.3 - Identificar os aspectos máis importantes da historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país e recoñecer as pegadas da cultura romana en diversos aspectos da civilización actual.	Atopar e identificar elementos da presenza clásica na civilización actual a través de investigacións en internet	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Marco xeográfico das civilizacións grega e romana. - Historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país. A presenza de Grecia e Roma na Península Ibérica. A romanización de Hispania e a da Gallaecia.

UD	Título da UD	Duración
2	Historia de Grecia e do Imperio Romano	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar, describir e explicar o marco histórico e as etapas en que se desenvolven as civilizacións grega e romana.	Identificar e relacionar en orde cronolóxica cada unha das etapas históricas e coñecer, cando menos, algunha característica identificativa.	PE	60
CA1.4 - Identificar as principais características de cada período da historia de Grecia e Roma, o papel que desempeñan os seus protagonistas e saber situar nun eixe cronolóxico feitos históricos.	Identificar e recoñecer algunhas características, persoeiros, feitos históricos, etc. e saber elaborar un eixe cronolóxico coas datas propostas		
CA1.5 - Identificar as características fundamentais da romanización de Hispania e Gallaecia.	Coñecer e identificar algunha das características propostas da romanización.	TI	40
CA6.3 - Identificar os aspectos máis importantes da historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país e recoñecer as pegadas da cultura romana en diversos aspectos da civilización actual.	Atopar e identificar elementos da presenza clásica na civilización actual a través de investigacións en internet.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Marco histórico da civilización grega: das civilizacións minoica e micénica ao mundo helenístico. Etapas, feitos importantes e mulleres e homes relevantes. - Marco histórico da civilización romana: monarquía, república e imperio. Etapas, feitos importantes e mulleres e homes relevantes. - Historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país. A presenza de Grecia e Roma na Península Ibérica. A romanización de Hispania e a da Gallaecia.

UD	Título da UD	Duración
3	Mitoloxía grecorromana	30

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar os principais deuses e deusas da mitoloxía grecolatina.	Identificar grazas aos atributos das divindades o nome das principais deusas e deuses, a súa área de influencia e relacións entre eles e elas.	PE	45
CA2.3 - Comparar as características da relixiosidade e da relixión grega coas actuais.	O alumnado deberá atopar algunha semellanza e conexión entre a relixión grega e as actuais.		
CA2.4 - Describir os fundamentos da relixiosidade romana e distinguir a relixión oficial das manifestacións do culto privado.	Describir e distinguir os indicadores que diferencian o culto público do privado		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Recoñecer os mitos e os heroes grecolatinos e establecer semellanzas e diferenzas cos mitos e os heroes doutras culturas e os actuais. Orixes e funcións.	Recoñecer, cando menos, máis da metade dos mitos e heroes propostos, atopando semellanzas con outras mitoloxías.	TI	55
CA6.1 - Recoñecer a presenza da civilización clásica nas artes e na organización social e política.	Atopar elementos da mitoloxía clásica na civilización actual a través de investigacións en internet.		
CA6.2 - Coñecer a perduración da mitoloxía e os temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais.	Atopar elementos da mitoloxía clásica na civilización actual a través de investigacións en internet.		
CA6.4 - Investigar sobre a perduración da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.	Atopar elementos da mitoloxía clásica na civilización actual a través de investigacións en internet.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Cosmogonía. Teogonía. O panteón grego e romano. - Mitos grecolatinos. Orixes e funcións. Os heroes e heroínas. Perduración da mitoloxía nas manifestacións artísticas, literarias e na publicidade. - Relixión grega: cultos, santuarios e oráculos. - Relixión romana: culto público e privado. - Mitoloxía e temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais.

UD	Título da UD	Duración
4	Arte grecorromana	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Distinguir as características fundamentais da arte clásica e relacionar manifestacións artísticas actuais cos seus modelos clásicos.	Distinguir algunhas características da arte clásica e relacionalas con obras artísticas actuais	PE	50
CA3.2 - Identificar as características máis salientables da arquitectura grecorromana en relación cos edificios máis singulares.	Identificar en edificios singulares características da arquitectura grecorromana.		
CA6.2 - Coñecer a perduración da mitoloxía e os temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais.	Atopar elementos da presenza clásica nas manifestacións artísticas actuais e na sociedade e política a través de investigacións en internet.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Recoñecer as manifestacións escultóricas da arte grega e romana ao longo da Antigüidade e identificar a súa temática en obras representativas.	Recoñecer e identificar características da escultura grecorromana en obras representativas.	TI	50
CA3.4 - Diferenciar as creacións urbanísticas romanas das outras épocas, así como a súa rede viaria, facendo fincapé no contorno do alumnado.	Recoñecer e identificar características do urbanismo romano especialmente na actualidade.		
CA3.5 - Saber localizar os principais monumentos clásicos do patrimonio español e europeo.	Localizar algunha das construcións clásicas que se conservan en España e no resto de Europa.		
CA6.1 - Recoñecer a presenza da civilización clásica nas artes e na organización social e política.	Atopar elementos da presenza clásica nas manifestacións artísticas actuais e na sociedade e política a través de investigacións en internet.		
CA6.4 - Investigar sobre a perduración da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.	Atopar elementos da presenza clásica nas manifestacións artísticas actuais e na sociedade e política a través de investigacións en internet.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Fundamentos e etapas da arte clásica. - Arquitectura en Grecia e Roma: tipos de edificios e ordes arquitectónicas. - Escultura en Grecia e Roma: etapas, estilos e temáticas. - Enxeñería romana: obras públicas e urbanismo. Vías romanas. - Herdanza clásica no patrimonio artístico en Europa en xeral e en Galicia en concreto. - Presenza da civilización grecolatina nas artes e na organización social e política actual.

UD	Título da UD	Duración
5	Política	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Identificar as características das principais formas de organización política presentes no mundo clásico, e establecer semellanzas e diferenzas entre elas e cos sistemas políticos actuais.	Identificar características da organización política grecorromana e establecer a súas semellanzas e diferenzas cos sistemas políticos actuais.	PE	60

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.1 - Recoñecer a presenza da civilización clásica nas artes e na organización social e política.	Atopar elementos da presenza clásica nas manifestacións artísticas actuais e na sociedade e política a través de investigacións en internet.	TI	40
CA6.4 - Investigar sobre a perduración da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.	Atopar elementos da presenza clásica nas manifestacións artísticas actuais e na sociedade e política a través de investigacións en internet.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Organización política en Grecia e en Roma: formas de goberno e institucións.
- Presenza da civilización grecolatina nas artes e na organización social e política actual.

UD	Título da UD	Duración
6	Sociedade	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Distinguir as características e a evolución das clases sociais en Grecia e Roma.	Distinguir e clasificar características das clases sociais en textos propostos.	PE	75
CA4.3 - Describir a composición da familia e os papeis asignados aos seus membros.	Coñecer os membros da familia e describir o papel que desempeñan		
CA4.4 - Coñecer os trazos máis salientables da vida cotiá en Grecia e Roma.	O alumnado deberá demostrar que coñece algúns dos trazos máis salientables da vida cotiá grecorromana		
CA6.1 - Recoñecer a presenza da civilización clásica nas artes e na organización social e política.	Atopar elementos da sociedade clásica nas artes e sociedades actuais a través de investigacións en internet.	TI	25
CA6.4 - Investigar sobre a perduración da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.	Atopar elementos da sociedade clásica nas artes e sociedades actuais a través de investigacións en internet.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Sociedade en Grecia e Roma: clases sociais. A escravitude.
- A familia en Grecia e Roma. Roles dos seus membros; situación da muller.
- Vida cotiá en Grecia e Roma: vivenda, hixiene, alimentación, vestimenta e traballo.
- Presenza da civilización grecolatina nas artes e na organización social e política actual.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Mitoloxía e temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais. - Historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país. A presenza de Grecia e Roma na Península Ibérica. A romanización de Hispania e a da Gallaecia. - Investigación sobre a perduración da civilización clásica na nosa cultura.

UD	Título da UD	Duración
7	Espectáculos públicos	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.5 - Identificar as principais formas de lecer da Antigüidade e comparalas coas actuais.	Identificar e comparar algunha das formas de lecer da antigüidade clásica co mundo actual.	TI	100
CA4.6 - Relacionar e establecer semellanzas e diferenzas entre as manifestacións deportivas da Grecia clásica e as actuais.	Identificar e comparar algunha das manifestacións deportivas da antigüidade clásica co mundo actual.		
CA6.4 - Investigar sobre a perduración da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.	Atopar elementos da sociedade clásica nas artes e sociedades actuais a través de investigacións en internet.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Os espectáculos públicos en Grecia e Roma. - Investigación sobre a perduración da civilización clásica na nosa cultura.

UD	Título da UD	Duración
8	Familias lingüísticas	1

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.2 - Identificar a orixe común das linguas indoeuropeas, distinguir as linguas europeas romances das non romances e recoñecer a orixe grecolatina do léxico das linguas de España e doutras linguas modernas.	O alumnado deberá identificar, distinguir, recoñecer e relacionar algunhas das linguas europeas e as súas familias.	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> - As linguas do mundo. O indoeuropeo e as súas familias lingüísticas. - As linguas romances. 	

UD	Título da UD	Duración
9	Escritura	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Distinguir diversos tipos de escritura, comprender as súas funcións e a orixe do alfabeto e dos tipos de sistemas de escritura usados na actualidade e recoñecer a presenza de elementos dos alfabetos grego e latino nos alfabetos actuais.	O alumnado deberá distinguir, comprender e recoñecer os sistemas de escritura propostos e os seus elementos gregos e latinos.	TI	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> - Historia da escritura. Tipos de escritura, materiais e soportes. - Orixe do alfabeto. O alfabeto grego e o abecedario latino. 	

UD	Título da UD	Duración
10	Helenismos e latinismos	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.3 - Distinguir e identificar latinismos, cultismos, semicultismos e termos patrimoniais e facer evolucións desde o latín ao galego e ao castelán, tendo en conta os fenómenos fonéticos.	O alumnado deberá distinguir e identificar termos cultos e patrimoniais e os fenómenos fonéticos da súa evolución.	PE	80
CA5.4 - Utilizar con propiedade terminoloxía científico-técnica de orixe grecolatina e constatar o influxo das linguas clásicas en linguas non derivadas delas.	O alumnado deberá utilizar con propiedade a terminoloxía proposta en textos escritos.		
CA6.4 - Investigar sobre a perduración da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.	Atopar elementos da presenza de latinismos e helenismos na civilización actual a través de investigacións en internet.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos	

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Composición e derivación culta de orixe grega e latina. - Latinismos, palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos. - Principais regras de evolución fonética do latín ao galego e ao castelán. - Léxico grecolatino na linguaxe común e na científica e técnica. - Presenza das linguas clásicas nas linguas modernas. - Investigación sobre a perduración da civilización clásica na nosa cultura.

UD	Título da UD	Duración
11	Literatura	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.5 - Identificar as principais características dos xéneros literarios grecolatinos, a súa influencia na literatura posterior e os fitos esenciais das literaturas grega e latina como base literaria da cultura europea e occidental.	O alumnado deberá identificar e relacionar as características dos xéneros literarios grecolatinos en textos propostos.	PE	80
CA6.4 - Investigar sobre a perduración da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.	Atopar elementos da presenza da literatura clásica na civilización actual a través de investigacións en internet	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros literarios grecolatinos: autores e obras principais. - Investigación sobre a perduración da civilización clásica na nosa cultura.

UD	Título da UD	Duración
12	Fraseoloxía en grego e latín	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.6 - Usar as fórmulas de saúdo e presentación en latín e grego e fraseoloxía básica da aula.	O alumnado deberá usar correctamente as fórmulas de saúdo e o léxico básico da aula.	TI	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Fórmulas básicas de saúdo e presentación en latín e grego, e fraseoloxía básica do medio escolar.

4.1. Concrecións metodolóxicas

- Lecturas de textos clásicos ou referidos ao mundo grecorromano (fragmentos de obras orixinais, adaptacións, textos historiográficos, etc.) para traballar transversalmente a comprensión lectora e que ilustren os temas que se tratarán.
- Incentivar a participación na aula do alumnado a través da expresión de ideas e reflexións, facendo especial fincapé no desenvolvemento da capacidade comunicativa en público.
- Uso das tecnoloxías informáticas para a busca de información como ferramenta de traballo, consulta e exercicio interactivo, propiciando con iso o afondamento nas técnicas de investigación, procura, selección e presentación da información tanto de forma oral como escrita ou visual.
- Recursos como a elaboración de eixes cronolóxicos tanto en formato papel como mediante recursos en liña, aplicacións que permiten percorridos virtuais polas localizacións máis destacadas do mundo grecorromano e visualizar vídeos sobre os contidos referidos especialmente ao primeiro bloque, así como dos lugares de culto marcados por unha contorna xeográfica moi particular e grazas a iso poderá conectarse a xeografía coa arqueoloxía, a relixión ou a mitoloxía, especialmente no caso do mundo grego.
- Traballaremos con dinámicas e estruturas de aprendizaxe cooperativa, nas que o alumnado terá a oportunidade de interactuar nun contexto académico. Este método permitiranos amosarlles que os grupos de traballo acadan os seus obxectivos e resultados, se todos os seus membros se esforzan ao máximo e son responsábeis da tarefa que se lles encomenda.
- Outras metodoloxías como, a aprendizaxe colaborativa, a ludificación, etc. que permitan maximizar o tempo útil de traballo práctico na aula, optimicen resultados e fagan o proceso de ensinanza máis inclusivo e variado.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto de Cultura Clásica da editorial Santillana, método Construyendo mundos.
Materiais de elaboración propia coa incorporación de contidos e actividades do libro de texto, de páxinas web relacionadas co mundo clásico.
Aula virtual do centro con acceso dende un ordenador na aula ou na casa.

Utilizaremos os materiais de elaboración propia, os recursos ofrecidos polo libro de texto. Traballaremos en clase co ordenador con acceso a internet para realizar actividades varias e a búsqueda de información. Utilizaremos o encerado convencional, e a pantalla dixital durante as explicacións e o traballo diario.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Aínda que se trata dunha materia que o alumnado non cursou con anterioridade, cremos que é necesario que o segundo día de clase o alumnado resolva un cuestionario de diagnóstico, que permita explorar a noción xeral que teñen sobre os diversos ámbitos que abarca esta asignatura e sobre determinados aspectos relacionados con outras materias afíns xa coñecidas polos alumnos. Dito cuestionario reflexará tamén os intereses e preferencias do alumnado no terreo intelectual. Isto permitiranos adecuar as explicacións ao nivel de coñecementos da clase

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	6	6	25	8	5	8	8	2	10	10
Proba escrita	90	60	45	50	60	75	0	100	0	80
Táboa de indicadores	10	40	55	50	40	25	100	0	100	20

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	8	4	100
Proba escrita	80	0	50
Táboa de indicadores	20	100	50

Criterios de cualificación:

Faranse probas periódicas que nos permitan medir o grao de obxectivos alcanzados nos distintos apartados ou unidade didáctica.

CUALIFICACIÓN DA AVALIACIÓN

A cualificación final de cada avaliación será resultado das notas obtidas en cada proba seguindo as porcentaxes de cada unidade, o que supón o 50% da nota, máis os traballos, actividades, presentacións, que é o 50% restante.

1ª avaliación: $(UD1 \times 9) + (UD2 \times 9) + (UD3 \times 4) + (UN4 \times 3) + (UN5 \times 8) + (UD12 \times 1) / 34$

2ª avaliación: $(UD3 \times 3) + (UD4 \times 4) + (UD6 \times 8) + (UD8 \times 8) + (UD9 \times 8) + (UD12 \times 2) / 33$

3ª avaliación: $(UD3 \times 3) + (UD4 \times 3) + (UD7 \times 8) + (UD10 \times 8) + (UD11 \times 8) + (UD12 \times 3) / 33$

CUALIFICACIÓN FINAL

Será o resultado da media aritmética das tres avaliacións

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

1. Probas escritas adaptadas aos contidos de cada unidade didáctica.
2. Táboas de indicadores como rúbricas, listas de cotexo, observación directa, etc. para as probas orais, as presentacións, os traballos escritos, en función do tipo de contidos e criterios de avaliación da cada unidade didáctica.

Criterios de recuperación:

Criterios de recuperación:

Realizarase ao final de cada trimestre unha proba escrita con cuestións referidas a todos os contidos explicados ata ese momento a modo de recompilación das unidades didáctica desa avaliación que servirá ao alumnado como recuperación dos apartados non superados durante o trimestre para o caso de que a cualificación do trimestre sexa inferior a 5.

Ao coincidir a 3ª avaliación na data coa avaliación final, aqueles alumnos/as que non superen algunha parte da materia ao longo do curso, farán a semana anterior a data da avaliación final una proba obxectiva sobre os contidos mínimos. O alumno recibirá a nota acadada nese exame, redondeada a un número enteiro segundo a forma usual de redondeo.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

PENDENTES CULTURA CLÁSICA 3º ESO LOMCE

PLANS DE TRABALLO PARA SUPERACIÓN DE PENDENTES LOMCE

1. CONTIDOS ESIXIBLES.

Os alumnos deberán repasar os temas estudados durante o curso anterior, que foron os seguintes:

1. O marco xeográfico de Grecia e Roma clásicas.
2. Historia de Grecia: períodos micénico, arcaico, clásico e helenístico. As institucións políticas de Atenas e Esparta. Alexandre Magno e a súas conquistas.
3. Historia de Roma: Monarquía, República. Mitos da Roma arcaica. Institucións políticas da República romana.
4. A Romanización de Hispania.
5. Al arte clásica: o urbanismo helenístico-romano, os edificios públicos, a casa romana, as ordes arquitectónicas. As obras de arte máis representativas de Grecia e Roma.
6. A mitoloxía grega e romana: deuses principias.

2. ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN

Os alumnos/as de 4º de ESO que teñan pendente Cultura Clásica correspondente ao curso académico anterior serán citados oportunamente, ao comezo de curso pola xefa de Departamento de Latín, para proceder á entrega dun plan de traballo cos contidos esixibles e as actividades a realizar por conta propia. Ao final de cada trimestre realizaranse probas parciais que serán convocadas debidamente polo departamento. Ditas convocatorias e probas terán carácter oficial e único, e a non asistencia a elas terá carácter inexcusable, salvo motivos de causa maior.

Os alumnos e alumnas deberán responder necesariamente a todas e cada unha das cuestións que se lles propoñan nos exercicios.

As actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes serán anteriores a cada unha das tres avaliacións do curso académico.

Os alumnos terán que obter unha nota en ditas convocatorias igual ou superior a cinco (5) sobre dez (10) para aprobar a cultura clásica.

No caso de non superar a materia, haberá un exame final en xuño con cuestións similares ás das probas trimestrais. Para aprobar hai que obter un cinco (5) sobre dez.

A xefa de Departamento estará a disposición dos alumnos/as que o desexen para aclararlles dúbidas e orientarlles no seu estudo.

6. Medidas de atención á diversidade

O principal obxectivo destas medidas é o seguimento do alumnado que require unha atención especial en función das súas características, motivacións ou circunstancias educativas e persoais, e o de aquel alumnado que permanece un ano máis no mesmo curso, seguindo o artigo 52 da Orde do 8 setembro 2021 de atención á diversidade no que se regula o plan específico personalizado para este alumnado.

Sendo a Cultura Clásica unha materia optativa, xa constitúe unha das vías que establecen resposta á diversidade de intereses e necesidades do alumnado. Con carácter xeral a ensinanza debe ter unha natureza individualizada, que tome en consideración o punto de partida de cada alumno ou alumna, traballando na medida do posible de xeito particular sobre a súa motivación, os seus intereses e as súas capacidades de aprendizaxe. Neste sentido débese prestar atención especial ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. De xeito ordinario adoptaranse unha serie de medidas encamiñadas a previr ou compensar dificultades leves mediante a adecuación do currículo vixente, sen alterar ningún dos seus elementos prescritivos, co fin de que a diversidade do alumnado acade as capacidades establecidas nos obxectivos. Neste sentido tomaranse medidas como:

- Concreción e disposición secuencial de obxectivos.
- Metodoloxías que favorezan a participación de todo o alumnado: aprendizaxe cooperativa, aprendizaxe seguida de cerca polo titor/a, maior participación, combinación de actividades (individual, por grupos, exposición, investigación, etc.), aprendizaxe autónoma, etc.
- Diversificar procedementos de avaliación.
- Reforzar valores e determinadas capacidades de tipo emocional.
- Reunións periódicas do equipo docente convocadas polo profesorado titor/a. Seguimento de casos e intervención cando a situación o aconselle.
- É fundamental e accesible tamén o reforzo da lectura comprensiva na nosa materia.
- Outras medidas como a ampliación e afondamento para alumnado que o requira, recuperación, reforzo, adaptacións, etc.

É posible que polas circunstancias persoais, sociais ou culturais dalgún alumno ou alumna sexa necesaria unha adaptación curricular significativa, o que implicará modificacións de elementos de prescrición do currículo como os obxectivos, contidos ou criterios de avaliación, mesmo no que se refire a concrecións metodolóxicas, aínda que esta medida só se tomará despois de explorar todas as posibilidades ordinarias. A adopción deste proceder será autorizada por Inspección Educativa e tras este paso decidirse que elementos do currículo deberán ser modificados. Nestes casos, a avaliación axustarase aos criterios individualizados establecidos na adaptación curricular, tendo sempre como referente os obxectivos da etapa á hora da promoción.

Estas medidas poderanse tomar nos seguintes casos:

- alumnado con altas capacidades intelectuais.
- alumnado con necesidades educativas especiais.
- alumnado con integración tardía no sistema educativo.
- alumnado que permanece máis dun ano no mesmo curso.

Para o alumnado con dificultades de aprendizaxe, o departamento preparará e entregarlles un material de apoio para traballar durante as fins de semana e períodos de vacacións. Este material (que se elaborará determinando aqueles aspectos que o alumno non consegue facer, os contidos que hai que traballar e a metodoloxía que hai que utilizar) deberao presentar rematado á volta do período vacacional. Durante a clase poderán resolverse as súas dúbidas mentres o resto de compañeiros prepara outra actividade. O tipo de traballo que se preparará obedecerá a unha ampla gama de exercicios e actividades, estruturada da seguinte forma:

- exercicios previos para comprender mellor a materia.
- exercicios prácticos variados para desenvolver os contidos necesarios.
- exercicios de repaso daqueles coñecementos menos adquiridos.

Do mesmo xeito, ao alumnado que amose un especial interese, procurarase entregarlle material (todo tipo de recursos materiais e recursos en rede) para ofrecerlle a posibilidade de profundar en aspectos concretos do programa de contidos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - ET.1 - A comprensión lectora.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - ET.2 - A expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - ET.3 - A comunicación audiovisual.	X	X	X	X	X	X	X	
ET.4 - ET.4 - A competencia dixital.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - ET.5 - O emprendemento social e empresarial.						X		
ET.6 - ET.6 - O fomento do espírito crítico e científico.	X	X			X	X		X
ET.7 - ET.7 - A educación emocional e en valores.						X		X
ET.8 - ET.8 - A igualdade de xénero.					X	X	X	
ET.9 - ET.9 - A creatividade.			X	X				
ET.10 - ET.10 - A educación para a paz.		X			X			

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - ET.1 - A comprensión lectora.	X	X	X	X
ET.2 - ET.2 - A expresión oral e escrita.	X	X	X	X
ET.3 - ET.3 - A comunicación audiovisual.				
ET.4 - ET.4 - A competencia dixital.	X			
ET.5 - ET.5 - O emprendemento social e empresarial.				

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.6 - ET.6 - O fomento do espírito crítico e científico.			X	
ET.7 - ET.7 - A educación emocional e en valores.				X
ET.8 - ET.8 - A igualdade de xénero.			X	X
ET.9 - ET.9 - A creatividade.	X		X	
ET.10 - ET.10 - A educación para a paz.				

Observacións:

Os elementos transversais son valores que teñen unha traxectoria histórica e, baixo o exemplo civilizador do mundo clásico, intégranse no currículo desde a perspectiva dos contidos de Grecia e Roma e tradúcense nunha vontade permanente de exemplificar a través deles e destacar respecto a dereitos e liberdades fundamentais, á participación, á liberdade, a xustiza, a igualdade, ao pluralismo político, a paz e a democracia, desenvolvendo a través da metodoloxía do currículo unha educación para a convivencia e o respecto nas relacións interpersoais, impulso da igualdade real e efectiva entre mulleres e homes, a tolerancia e o recoñecemento da diversidade e rexeitamento a calquera forma de violencia.

É importante mencionar o interese que a metodoloxía do currículo ten en educar a capacidade de escoita activa, a empatía e o diálogo. Igualmente o autocontrol no uso das tecnoloxías da información e a comunicación, a convivencia e os hábitos de vida saudable, motivando o espírito emprendedor que xera un emprego sostible a través dunha posta en valor e uso respectuoso da herdanza clásica que o rico patrimonio clásico atesoura.

Como eixes vertebradores deste apartado, teranse en conta a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o mprendemento, a educación emocional, a igualdade de xénero e a creatividade.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición
Non temos actividades complementarias programadas	Non procede

Observacións:

Algunha actividade como asistencia a exposicións, teatro, charlas ou acontecementos que poidan xurdir durante o curso.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
1. Planificación adecuada: número, duración das actividades, coherencia e nivel de dificultade

2 Grao de motivación logrado na aula, participación e progreso do alumnado e valoración de resultados finais
3 Obxectivos alcanzados e selección de contidos
4 Pertinencia e accesibilidade dos materiais utilizados.
5 Resultado das medidas de atención á diversidade.
6 Tratamento dos elementos transversais e actividades complementarias

Descrición:

En canto ao indicador 1 usarase unha folla de rexistro en distintos momentos do curso, especialmente ao remate de cada unidade didáctica e unha enquisa con preguntas directas ao alumnado para valorar os elementos positivos e negativos.

Para o indicador 2 usaremos cuestionarios ao alumnado que pasaremos ao final de cada trimestre para ver a evolución do proceso. Ademais, os resultados de aprendizaxe en cada avaliación, serán analizados para comprobar que estamos conseguindo os obxectivos.

Avaliaremos o proceso de ensino e a práctica docente utilizando rúbricas para os indicadores do grupo 3 a 6 ao final de curso.

A información obtida permitiranos realizar o contraste da práctica educativa co programado, a fin de realizar a revisión e, se fose necesario, a modificación das decisións que se adopten.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A nosa programación permite introducir as correccións e melloras pertinentes, evitando así as improvisacións. Todo iso conseguirase seguindo as directrices desenvolvidas nos puntos e elementos anteriores dunha maneira flexible e adaptándose ás circunstancias concretas do centro e do alumnado.

A programación, nos puntos que se estime, revisarase, como mínimo cada mes, especialmente despois de analizar os resultados de cada unha das avaliacións.

Os elementos que serán revisados de maneira especial serán os seguintes:

- Número de sesións previstas e número de sesións utilizadas en cada UD.
- Orde dos contidos explicados.
- Actividades realizadas.
- Grao de cumprimento da unidade didáctica.
- Obxectivos alcanzados.
- Propostas de mellora.

Estes cambios e adaptacións serán recollidos nas correspondentes actas de reunión, no apartado de seguimento da propia plataforma Proens e posteriormente na memoria final de curso.

O resultado de este proceso terase en conta para modificar e mellorar a programación da materia no vindeiro curso.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019475	IES de Rodeira	Cangas	2022/2023

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Educación en Valores Cívicos e Éticos	3º ESO	1	35

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	12
4.2. Materiais e recursos didácticos	12
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	13
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	13
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	15
6. Medidas de atención á diversidade	15
7.1. Concreción dos elementos transversais	17
7.2. Actividades complementarias	18
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	19
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	20
9. Outros apartados	20

1. Introducción

A educación en valores cívicos e éticos constitúe un requisito necesario tanto para o exercicio activo e responsable da cidadanía como para o desenvolvemento da autonomía moral e da personalidade do alumnado. Non hai dúbida de que estes dous propósitos se encontran relacionados entre si, pois non é posible un exercicio activo e responsable da cidadanía democrática sen un compromiso ético persoal, libre e fundamentado, con determinados principios e valores. De aí a necesidade de que toda educación cívica ou en valores estea traspasada por ese exercicio reflexivo e crítico sobre a moral individual e colectiva que representa a ética filosófica.

En termos xerais, e de acordo cos obxectivos educativos e co perfil de saída do alumnado ao remate do ensino básico, a formación en valores cívicos e éticos implica mobilizar o conxunto de coñecementos, destrezas e actitudes, así como os valores que lle permiten ao alumnado tomar conciencia da súa identidade persoal e cultural, afrontar cuestións éticas fundamentais e adoptar unha actitude consecvente co carácter interconectado e ecodependente da súa vida en relación coa contorna; todo iso co obxecto de poder apreciar e aplicar con autonomía de criterio aquelas normas e valores que rexen a convivencia nunha sociedade libre, plural, xusta e pacífica.

A materia de Educación en Valores Cívicos e Éticos supón un maior nivel de afondamento e desenvolvemento dos catro ámbitos competenciais fundamentais sobre os cales se organizaba, como área, na educación primaria. O primeiro é o do autoconhecimento e o desenvolvemento da autonomía moral. O segundo atende á comprensión do marco social de convivencia e ao compromiso ético cos principios, valores e normas democráticas que o rexen. O terceiro refírese á adopción de actitudes compatibles coa sustentabilidade da contorna desde o entendemento da nosa relación de inter e ecodependencia con el. E, finalmente, o cuarto, máis transversal e dedicado á educación das emocións, ocúpase de desenvolver a sensibilidade e a conciencia e xestión dos afectos no marco da reflexión sobre os valores e os problemas éticos, cívicos e ecosociais. Pola súa vez, cada un destes ámbitos competenciais desenvólvese en dous niveis integrados: un máis teórico, dirixido á comprensión significativa dos conceptos e cuestións máis relevantes da materia; e outro, máis práctico ou instrumental, orientado a promover, desde a reflexión crítica e o diálogo argumentativo, condutas e actitudes acordes con aqueles valores éticos, cívicos e ecosociais que orientan á convivencia.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Inquirir e investigar canto se refire á identidade humana e a cuestións éticas relativas ao propio proxecto vital, analizando criticamente información fiable e xerando unha actitude reflexiva respecto diso, para promover o autoconhecimento e a elaboración de formulacións e xuízos morais de maneira autónoma e razoada.	2				1	1-2-3		
OBX2 - Actuar e interactuar de acordo con normas e valores cívicos e éticos, a partir do recoñecemento fundado da súa importancia para regular a vida comunitaria e a súa aplicación efectiva e xustificada en distintos contextos, para promover unha convivencia pacífica, respectuosa, democrática e comprometida co ben común.	5	3		3		1-2-3-4		1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Entender a natureza interconectada e inter e ecodpendente das actividades humanas, mediante a identificación e a análise de problemas ecosociais de relevancia, para promover hábitos e actitudes eticamente comprometidos co logro de formas de vida sustentables.			5		2	1-2-3-4	1	
OBX4 - Mostrar unha adecuada estima de si mesmo e da contorna, recoñecendo e valorando as emocións e os sentimentos propios e alleos, para lograr unha actitude empática e coidadosa con respecto aos demais e á natureza.	1				1-2-3	1-3		3

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Autocoñecemento e autonomía moral» A xenese dos valores morales e a súa razón de ser a Identidade e Alteridade; Autonomía e heteronomía.	Trátase de invitar o alumnado a unha investigación sobre o que o constitúe e diferencia como persoa, promovendo a xestión das súas emocións e desexos, así como a deliberación racional sobre os propios fins e motivacións. Este exercicio de autodeterminación exige, naturalmente, afrontar algunhas cuestións éticas de relevancia, como as referidas á autonomía e a heteronomía moral, a vontade e a construción do xuízo moral, a práctica e identificación de principios morais e, en xeral, a reflexión sobre os valores, e normas que orientan as nosas accións. Para entender o peso que a reflexión ética ten na nosa vida, convén que alumnas e alumnos poñan a proba o seu xuízo e racionalidade afrontando aquelas cuestións que afectan máis directamente a súa vida persoal, como as vinculadas coa autoestima, as relacións afectivas, a liberdade de expresión e outros dereitos individuais, a prevención dos abusos e o acoso, as condutas aditivas ou a influencia dos medios e redes de comunicación	33	12	X		
2	«Sociedade, xustiza e democracia» Principais Teorías éticas. As esixencias da xustiza e os dereitos humanos e Multiculturalismo e interculturalismo.	Preténdese que o alumnado comprenda a raíz social e cultural da súa propia identidade, recoñecendo así o poder condicionante das estruturas sociais a que pertencen. Para iso, terá que comprender certas nocións políticas fundamentais, identificar e valorar os principios, procedementos e institucións que constitúen o noso marco democrático de convivencia, e afrontar	34	12		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	«Sociedade, xustiza e democracia» Principais Teorías éticas. As esixencias da xustiza e os dereitos humanos e Multiculturalismo e interculturalismo.	de modo reflexivo e dialogante a controversia ideolóxica sobre as normas e os valores comúns. Logo desta parte máis teórica centrada na socioloxía e na filosofía política, o bloque afronta unha segunda tarefa de asimilación que debe contrastarse no diálogo sobre os problemas éticos máis urxentes (a situación dos dereitos humanos no mundo, a desigualdade e a pobreza, a igualdade e corresponsabilidade de homes e mulleres, a violencia de xénero, o respecto á diversidade e ás minorías, o fenómeno migratorio, a crise climática etc.), así como mediante a implementación de procedementos e valores democráticos.	34	12		X	
3	«Desenvolvemento sustentable e ética ambiental» Democracia e participación. As institucións democráticas e Cidadanía global e democracia.	Perséguese, a través do traballo interdisciplinar e do cultivo do pensamento técnico, unha comprensión básica daquelas relacións de interdependencia, interconexión e ecodependencia que determinan a interacción entre as nosas formas de vida e o medio social e natural. Esa tarefa comprensiva é o requisito para emprender o debate ético ao redor dos grandes problemas ecosociais que marcan a axenda mundial (a degradación do planeta, o cambio climático, a perda de biodiversidade etc.), así como daqueles obxectivos, alternativas e hábitos de coexistencia sustentable que poidan asegurar a perduración dunha vida humana digna e xusta en harmonía coa contorna	33	11			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Autocoñecemento e autonomía moral» A xenese dos valores morales e a súa razón de ser a Identidade e Alteridade; Autonomía e heteronomía.	12

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Construír e expresar un concepto axustado de si mesmo recoñecendo as múltiples dimensións da súa natureza e personalidade, así como da dimensión cívica e moral desta, a partir da investigación e do diálogo arredor de diversas concepcións sobre a natureza humana.	Construír e expresar un concepto axustado de si mesmo recoñecendo as múltiples dimensións da súa natureza e personalidade, así como da dimensión cívica e moral desta, a partir da investigación e do diálogo arredor de diversas concepcións sobre a natureza humana.	PE	50
CA1.4 - Desenvolver unha actitude de xestión equilibrada das emocións, de estima e coidado de si e das demais persoas, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e sentimentos, e recoñecendo e valorando os dos demais en distintos contextos e arredor de actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas.	Desenvolver unha actitude racional de xestión e coidado de si e das demais persoas, identificando, analizando e expresando as propias emocións e razóns, e recoñecendo e respectando os dos demais en distintos contextos empregando a reflexión individual ou dialogada para cuestións éticas e cívicas.		
CA1.2 - Identificar, xestionar e comunicar ideas, emocións, afectos e desexos con comprensión e empatía cara ás demais persoas, demostrando autoestima e compartindo un concepto adecuado do que deben ser as relacións con outras persoas, incluíndo o ámbito afectivo-sexual.	Identificar, xestionar e comunicar ideas, emocións, afectos e desexos con comprensión e empatía cara ás demais persoas, demostrando autoestima e compartindo un concepto adecuado do que deben ser as relacións con outras persoas, incluíndo o ámbito afectivo-sexual.	TI	50
CA1.3 - Desenvolver e demostrar autonomía moral mediante a práctica da deliberación racional, o uso de conceptos éticos e o diálogo respectuoso cos demais, arredor de distintos valores e modos de vida, así como a problemas relacionados co exercicio dos dereitos individuais, o uso responsable e seguro das redes, as condutas adictivas e o acoso escolar.	. Desenvolver e demostrar autonomía moral mediante a práctica da deliberación racional, o uso de conceptos éticos e o diálogo respectuoso cos demais, arredor de distintos valores e modos de vida, así como a problemas relacionados co exercicio dos dereitos individuais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A ética dentro do conxunto de saberes filosóficos. - O obxecto da ética. - A aplicación da ética: a orientación para a resolución de problemas complexos sobre como actuar. - A natureza humana. - Liberdade e moralidade como características especificamente humanas. - A identidade persoal, o cruzamento de camiños entre a natureza, a crianza e o proxecto vital. - A educación de emocións e sentimentos. - A autoestima persoal. - A igualdade e o respecto nas relacións con outras persoas. - A educación afectivo-sexual.

Contidos

- Análise das accións.
- Os motivos da acción: desexos e razóns.
- A vontade como razón práctica.
- A autonomía da vontade.
- A responsabilidade das accións.
- A ética e as éticas como guías das nosas accións.
- O xuízo moral: as normas, o valor e o valioso, as virtudes, os sentimentos morais.
- Universalismo e pluralismo moral.
- Éticas da felicidade, éticas do deber, éticas da virtude.
- Ética e dereito.
- Semellanzas e diferenzas entre ética e dereito.
- O conflito lexitimidade-legalidade.
- A obxección de conciencia.
- Os dereitos individuais e os deberes cidadáns.
- O debate sobre a liberdade de expresión.
- A ética na sociedade actual.
- O problema da desinformación.
- A protección de datos e o dereito á intimidade.
- O ciberacoso e outras formas de violencia nas redes sociais.
- As condutas adictivas.

UD	Título da UD	Duración
2	«Sociedade, xustiza e democracia» Principais Teorías éticas. As esixencias da xustiza e os dereitos humanos e Multiculturalismo e interculturalismo.	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Promover e demostrar unha convivencia pacífica, respectuosa, democrática e comprometida co ben común, a partir da investigación sobre a natureza social e política do ser humano e o uso e comprensión crítica dos conceptos de lei, poder, soberanía, xustiza, Estado, democracia, memoria democrática, dignidade e dereitos humanos.	. Promover e demostrar unha convivencia pacífica, respectuosa, democrática e comprometida co ben común, a partir da investigación sobre a natureza social e política do ser humano e o uso e comprensión crítica dos conceptos de lei, poder, soberanía, xustiza, Estado, e democracia.		
CA2.3 - Contribuír a xerar un compromiso activo co ben común a través da análise e a toma razoada e dialogante de posición arredor de cuestións éticas de actualidade como a loita contra a desigualdade e a pobreza, o dereito ao traballo, a saúde, a educación e a xustiza, así como sobre os fins e límites éticos da investigación científica.	Contribuír a xerar un compromiso activo co ben común a través da análise e da toma razoada de posición arredor de cuestións éticas de actualidade como a loita contra a desigualdade e a pobreza, o dereito ao traballo, a saúde, a educación e a xustiza.	PE	52
CA2.5 - Contribuír activamente ao benestar social adoptando unha posición propia, explícita, informada e eticamente fundamentada sobre o valor e pertinencia dos dereitos humanos, o respecto pola diversidade etnocultural, a consideración dos bens públicos globais, a percepción do valor social dos impostos.	Contribuír activamente ao benestar social adoptando unha posición propia, informada e eticamente fundamentada sobre o valor e a pertinencia dos dereitos humanos, o respecto pola diversidade etnocultural, a consideración dos bens públicos globais e a percepción do valor social dos impostos.		
CA2.2 - Fomentar o exercicio da cidadanía activa e democrática a través do coñecemento do movemento asociativo e a participación respectuosa, dialogante e construtiva en actividades de grupo que impliquen tomar decisións colectivas, planificar accións coordinadas e resolver problemas aplicando procedementos e principios cívicos, éticos e democráticos explícitos.	Fomentar o exercicio da cidadanía activa e democrática a través do coñecemento da participación respectuosa, dialogante e construtiva en actividades de grupo que impliquen tomar decisións colectivas e coordinadas e resolver problemas aplicando principios cívicos, éticos e democráticos.		
CA2.4 - Tomar consciencia da loita por unha efectiva igualdade de xénero e do problema da violencia e explotación sobre as mulleres, a través da análise das diversas xeracións e correntes do feminismo e das medidas de prevención da desigualdade, a violencia e a discriminación por razón de xénero e orientación sexual, mostrando igualmente coñecemento dos dereitos LGTBIQ+ e recoñecendo a necesidade de respectalos.	Tomar consciencia da loita por unha efectiva igualdade de xénero e do problema da violencia e explotación sobre as mulleres, a través da análise das diversas xeracións e correntes do feminismo e das medidas de prevención da desigualdade, a violencia e a discriminación.	TI	48
CA2.6 - Contribuír á consecución dun mundo máis xusto e pacífico a través da análise e recoñecemento da historia democrática do noso país e das funcións do estado de dereito e as súas institucións, os organismos internacionais, as asociacións civís e os corpos e forzas de seguridade do Estado, no seu empeño por lograr a paz e a seguridade integral, atender as vítimas da violencia e promover a solidariedade e cooperación entre as persoas e os pobos.	Contribuír á consecución dun mundo máis xusto e pacífico a través da análise e recoñecemento da historia democrática e das funcións do Estado de dereito e das súas institucións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- A sociedade humana: natureza e orixe.
- As estruturas sociais e os grupos de pertenza.
- Cooperación e altruísmo fronte a competencia e egoísmo.
- A convivencia social.
- As virtudes do diálogo e as normas de argumentación.
- A resolución pacífica de conflitos.
- A empatía cos demais.
- A política.
- Conceptos clave: lei, poder, soberanía, xustiza e dignidade.
- Formas de Estado e tipos de goberno.
- A democracia: principios, procedementos e institucións.
- O Estado español como estado social e democrático de dereito.
- Valores constitucionais.
- A memoria democrática.
- Os dereitos humanos.
- Referente moral da democracia e a xustiza social.
- Xeracións e historia dos dereitos humanos.
- Dereitos da infancia.
- Os dereitos económicos, sociais e culturais: o dereito ao traballo, á saúde, á educación e á xustiza.
- A participación democrática: ser cidadáns.
- Outras formas de participación social: o asociacionismo e o voluntariado.
- A procura da xustiza social.
- A desigualdade económica e a loita contra a pobreza.
- Globalización económica e bens públicos globais.
- O comercio xusto.
- O valor social dos impostos.
- A igualdade de xénero.
- As diversas ondas e correntes do feminismo.
- A prevención da explotación e a violencia contra nenas e mulleres.
- A corresponsabilidade nas tarefas domésticas e de coidados.

Contidos

- A sociedade e a cidadanía plural.
- O interculturalismo.
- A inclusión social e o respecto pola diversidade e as identidades étnico-culturais e de xénero.
- Os dereitos LGTBIQ+.
- A convivencia pacífica e segura.
- A guerra, o terrorismo e outras formas de violencia política.
- A atención ás vítimas da violencia.
- Accións individuais e colectivas en favor da paz.
- A contribución do Estado e os organismos internacionais á paz, á seguridade integral e á cooperación.
- O dereito internacional e a cidadanía global.
- As forzas armadas e a defensa ao servizo da paz.
- O papel das ONG e das ONGD na loita pola paz.
- Os desafíos da democracia actual.
- Os códigos deontolóxicos.
- As éticas aplicadas.
- Fins e límites éticos da investigación científica. A bioética.
- O desafío da intelixencia artificial.
- As propostas transhumanistas.

UD	Título da UD	Duración
3	«Desenvolvemento sustentable e ética ambiental» Democracia e participación. As institucións democráticas e Cidadanía global e democracia.	11

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Valorar distintas formulacións científicas, políticas e éticas coas que afrontar a emerxencia climática e a crise ambiental a través da exposición e o debate argumental arredor destas.	Valorar distintas formulacións científicas, políticas e éticas coas que afrontar a emerxencia climática e a crise ambiental a través da exposición e do debate argumental arredor destas.	PE	50

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Promover estilos de vida eticamente comprometidos co logro dun desenvolvemento sustentable, contribuíndo por si mesmo e na súa contorna ao tratamento preventivo dos residuos, a xestión sustentable dos recursos, a mobilidade segura, sustentable e saudable, o comercio xusto, o consumo responsable, o coidado do patrimonio natural, o respecto pola diversidade etnocultural, e o coidado e protección dos animais.	. Promover estilos de vida eticamente comprometidos co logro dun desenvolvemento sustentable, contribuíndo, o coidado do patrimonio natural, o respecto pola diversidade etnocultural e o coidado e protección dos animais		
CA3.1 - Describir as relacións históricas de interconexión, interdependencia e ecodependencia entre as nosas vidas e a contorna a partir da análise das causas e consecuencias dos máis graves problemas ecosociais que nos afectan.	Describir as relacións históricas de interconexión, interdependencia e ecodependencia entre as nosas vidas e a contorna a partir da análise das causas e consecuencias dos máis graves problemas ecosociais que nos afectan.	TI	50
CA3.4 - Desenvolver unha actitude de xestión equilibrada das emocións, de estima e coidado de si mesmo e dos outros, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e sentimentos, e recoñecendo e valorando os dos demais en distintos contextos e arredor de actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas.	. Desenvolver unha actitude de xestión equilibrada das emocións, de estima e coidado de si mesmo e dos outros, identificando, as propias emocións e sentimentos, e recoñecendo e valorando os dos demais en distintos contextos e arredor de actividades de reflexión sobre cuestións éticas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Vida responsable co contorno e protección do medio ambiente. - Percorrido crítico sobre as diferentes formas de relación do ser humano coa natureza ao longo da historia e a pegada ecolóxica das accións humanas no planeta. - Empatía e responsabilidade co contorno: interdependencia, interconexión e ecodependencia. - A protección do medio ambiente e os dereitos para coa natureza: dereitos humanos de terceira xeración. - Consumo responsable para unha vida sustentable no planeta. - Os límites do planeta e o esgotamento dos recursos. - Obxectivos do desenvolvemento sustentable: axenda cara a 2030 para un planeta sustentable. - Economía sustentable e ecolóxica na globalización, e nova lóxica do crecemento: economía circular e economía azul. - Hábitos para unha xestión adecuada dos recursos e tratamento preventivo dos residuos. A mobilidade segura, saudable e sustentable. - Consumo responsable e soberanía alimentaria. - Propostas científicas e ético-políticas arredor dos problemas ecosociais. - Xustiza ecolóxica. - Ética medioambiental: ecocentrismo, biocentrismo e extensionismo.

Contidos

- Ecofeminismo e ética do coidado.
- Protección e dereitos dos animais.
- Valores éticos e democráticos como fundamento para unha conduta empática e respectuosa cara aos animais.
- O ser humano como animal político: dereitos humanos da solidariedade para unha conduta cos animais baseada en dereitos.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Metodoloxía didáctica

Cada unidade comezará coa análise dun material introdutorio sobre o tema xeral a tratar. Sobre ese material os alumnos amosarán os seus coñecementos e ideas previas sobre o contido da unidade correspondente.

De seguido comezará a explicación dos conceptos fundamentais de cada unidade.

Unha vez clarexados os conceptos fundamentais, haberá que poñelos en relación con situacións da vida cotián doadamente recoñecibles polos alumnos, que, polo tanto, susciten a reflexión e a discusión razoada.

Xa por último, os alumnos, a través preferentemente dun exercicio escrito, amosarán o grao de asimilación dos contidos de cada unidade.

Tamén se contemplará a opción da elaboración dun traballo por parte do alumnado que unha vez revisado polo profesorado será exposto.

O alumnado deberá consignar no seu caderno de clase todas as actividades propostas polo profesorado.

O profesorado poderá axudarse no seu labor pedagóxico de todo o material auxiliar que en cada intre considere oportuno: música, películas, documentais, páxinas web, sempre tendo en conta as limitacións tanto temporais como materiais que sofre a materia.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Recursos didácticos

O profesorado poderá axudarse no seu labor pedagóxico de todo o material auxiliar que en cada intre considere oportuno: música, películas, documentais, páxinas web, sempre tendo en conta as limitacións tanto temporais como materiais que sofre a materia.

1º Recursos xerais do centro

¿ Aulas de informática

¿ Aulas dotadas de ordenador do profesor e pantallas dixitais

¿ Aula virtual

¿ Plataforma Webex para videoconferencias

¿ Acceso a Internet en todas as aulas

¿ Biblioteca

¿ Salón de Actos

2º Recursos do departamento

O SEMINARIO, compartido cos Departamentos de Relixión Católica, está dotado de:

¿ Acceso a Internet.

¿ Unha Boa biblioteca de filosofía.

¿ Impresora, e ordenadores.

¿ Material cinematográfico.

3º Libros de texto

O uso ou non de libros de texto queda a discreción do profesor. Non hai ningún libro de texto establecido de uso

obrigado.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

O profesor poderá marcar algunha proba coa finalidade de avaliar os coñecementos previos dos alumnos ditas porbas poderan consistir na realización de traballos, en porbas obxetivas ou calque outra que considere oportuna

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	33	34	33	100
Proba escrita	50	52	50	51
Táboa de indicadores	50	48	50	49

Criterios de cualificación:

CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

1. Recoñecer os sentimentos nas relacións interpersoais e practicar o diálogo nas situacións de conflito. Razoar sobre as motivacións das condutas e eleccións, asumindo as responsabilidades que delas se derivan. Con este criterio inténtase comprobar que o alumnado identifica e recoñece os seus propios sentimentos, que é quen de poñerse no lugar das outras persoas e utiliza o diálogo para superar os conflitos nas súas relacións interpersoais, que razoa as súas eleccións, que identifica aquelas cousas de que é directamente responsable e aquelas en que comparte algunha clase de responsabilidade colectiva e asume a responsabilidade dos seus actos.
2. Identificar os eixos sobre os cales se constrúe a identidade persoal. Mediante este criterio inténtase comprobar se o alumnado entende e acepta a propia identidade como algo construído e non dado, que é posible redefinir. Trátase tamén de avaliar se é quen de respectar criticamente outras eleccións que configuran outras identidades, mediante o exercicio dunha tolerancia activa.
3. Diferenciar os trazos básicos que caracterizan a dimensión moral das persoas, recoñecer distintos sistemas de valores e identificar dilemas morais que teñen a súa orixe na aplicación de diferentes paradigmas de valoración. Con este criterio preténdese avaliar se o alumnado identifica os distintos trazos que caracterizan a dimensión moral das persoas, aqueles que condicionan o comportamento humano (as normas, a xerarquía de valores, os costumes, etc.) e se recoñece distintos paradigmas de valoración na orixe dos dilemas morais que se formulan no mundo actual.
4. Mediante a formulación de dilemas morais sobre cuestións de actualidade, identificar os problemas éticos xerados desde diversas posicións morais e propoñer estratexias para a súa resolución. Con este criterio preténdese comprobar se o alumnado identifica as posicións morais que están na orixe de determinados debates éticos do mundo actual. Así mesmo, trátase de valorar se comprende a eficacia do diálogo, fronte ás posturas que o rexeitan por imposible (dogmatismo) ou por innecesario (relativismo) e se presentan unha actitude de tolerancia activa, fronte á intolerancia ou a mera tolerancia pasiva baseada no relativismo ou na indiferenza.
5. Identificar e explicar axeitadamente as principais teorías éticas. Mediante este criterio inténtase avaliar o coñecemento dos núcleos conceptuais clave dalgúns dos sistemas éticos occidentais que máis influíron coas súas contribucións conceptuais e coa súa práctica social á conquista e recoñecemento das liberdades e dos dereitos das persoas. Tamén permite valorar a capacidade do alumnado para enxuizar, a partir das teorías estudadas, determinadas condutas e situacións da súa vida cotiá.
6. Recoñecer e distinguir as dimensións ética, xurídica e política dos dereitos humanos. Valorar os dereitos humanos

como principal referencia ética, en tanto que esixencia mínima de xustiza, manifestando actitudes a favor do exercicio activo e o respecto destes. Identificar a evolución dos dereitos cívicos, políticos, económicos, sociais e culturais e avaliar as novas reivindicacións en materia de dereitos humanos. A través deste criterio trátase de comprobar o grao de comprensión dos conceptos claves dos dereitos humanos e a súa valoración crítica do esforzo que supuxo na historia da humanidade.

7. Comprender e expresar o significado histórico e filosófico da democracia como forma de convivencia social e política e identificar os valores e principios morais en que se sustenta. Mediante este criterio preténdese avaliar no alumnado o coñecemento dos procesos de democratización de moitos países, en concreto España, como unha conquista ético-política, se comprende o pluralismo político e moral á vez que coñece os conceptos clave do sistema democrático, como o sistema de eleccións, o pluralismo político, o goberno da maioría e se recoñece algo valioso nos procesos democráticos en si mesmos á marxe da súa capacidade para lograr o ben común.

8. Valorar de forma argumentada, a importancia da participación cidadá para o funcionamento das institucións democráticas e da formación da opinión, de acordo con algún tipo de deliberación, para unha participación responsable. Con este criterio trátase de comprobar se as alumnas e os alumnos son quen de distinguir entre formas de participación política institucionalizada e non institucionalizada, valorar a importancia da participación cidadá para o funcionamento dos sistemas democráticos e da formación de opinión de acordo con algún tipo de deliberación, fronte ao seguimento acrítico da opinión difundida polos medios de comunicación, así como a responsabilidade dos poderes públicos de cara á cidadanía.

9. Analizar as causas que provocan os principais problemas sociais do mundo actual utilizando de forma crítica a información que proporcionan os medios de comunicación e identificar solucións comprometidas coa defensa de formas de vida máis xustas. Trátase de comprobar se o alumnado identifica e comprende algunhas das causas que provocan os principais problemas sociais do mundo actual (repartición desigual da riqueza, explotación infantil, emigracións forzadas, etc.), utilizando con precisión e de forma crítica a información obtida dos distintos medios de comunicación, se recoñece a actuación de organismos e institucións comprometidas coa defensa de formas de vida máis xustas e se manifesta actitudes de tolerancia e solidariedade ao achegar solucións.

10. Analizar o camiño percorrido ata o recoñecemento da igualdade de dereitos das mulleres e poñer de manifesto as súas contribucións en todos os campos do saber ao longo da historia e o coidado dos seres humanos. Identificar e rexeitar as causas e factores de discriminación, así como as situacións de violencia machista de que son vítimas. Este criterio pretende coñecer se as alumnas e os alumnos recoñecen a igualdade e a dignidade de todas as persoas e os elementos diferenciadores que están na base dalgunhas discriminacións, se identifican as súas contribucións aos diferentes campos do saber e o coidado dos seres humanos, así como os momentos históricos máis relevantes na conquista dos dereitos políticos das mulleres e a igualdade no ámbito familiar e laboral, á vez que permite indagar se saben identificar e localizar as situacións de discriminación que aínda sofren nas sociedades actuais e rexeitan activamente a violencia contra as mulleres.

11. Xustificar as propias posicións utilizando sistematicamente a argumentación e o diálogo e participar de forma democrática e cooperativa nas actividades do centro e do contorno. Mediante este criterio preténdese avaliar o uso axeitado da argumentación sobre dilemas e conflitos morais, se son quen de desvelar os supostos de partida nas propias posicións e nas das outras persoas, de soste-lo un punto de vista propio, de descubrir incoherencias nos procesos de razoamento e esixir claridade, precisión e pertinencia na argumentación, pero tamén o respecto ás posicións diverxentes dos interlocutores, tanto na aula coma no ámbito familiar e social. Por outra parte, trátase de coñecer a maneira e o grao en que as alumnas e os alumnos participan e cooperan activamente no traballo de grupo e se colaboran co profesorado e as compañeiras e compañeiros nas actividades do centro educativo e noutros ámbitos externos.

12. Recoñecerse membros dunha cidadanía global e comprender a necesidade de compartir uns mínimos morais posibilitadores da convivencia. Este criterio pretende avaliar a capacidade do alumnado para concibir e implicarse na construción dun futuro mellor. Pretende comprobar se é quen de situarse nunha perspectiva intercultural, asumindo a natureza pluralista da nosa sociedade, valorando positivamente as diferenzas culturais, recoñecendo o diálogo entre as culturas como unha posibilidade de enriquecemento mutuo e como o camiño para lograr unha verdadeira integración, así como o establecemento duns valores mínimos compartidos. Trátase, en definitiva de comprobar, se no seu papel de cidadáns teñen por referentes os cidadáns do mundo.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

Na valoración das distintas probas teranse en conta os seguintes aspectos:

¿ Expresión e corrección gramatical. (As faltas de ortografía baixaran a nota das probas escritas, o profesorado comunicará o alumnado o desconto que supón segundo o número de faltas cometidas)

¿ Orixinalidade e coherencia argumentativa.

¿ Contidos.

¿ Presentación e planificación do traballo.

Na valoración das intervencións de clase teranse en conta os seguintes aspectos:

¿ Respeto das regras do xogo dialóxico.

- ¿ A corrección na expresión oral.
- ¿ A orixinalidade e o espírito crítico do seu punto de vista.
- ¿ A relación cos contidos conceptuais.

PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN

O profesorado poderá optar para obter a cualificación por combinar a realización de probas obxectivas co traballo diario desenvolvido na clase, ou obter a cualificación a través do traballo desenvolvido na clase e na casa. No caso de optar pola realización de probas obxectivas, a cualificación ¿de 1 a 10- será o resultado da valoración conxunta de:

Probas obxectivas: 40 %.

- Traballo diario na clase e na casa e intervencións na clase: 40 %.

- Comportamento, asistencia, etc.: 20 %.

No caso de non realizar probas obxectivas, o resultado da valoración será:

- Traballo diario na clase e na casa e intervencións na clase: 80 %.

- Comportamento, asistencia, etc.: 20 %.

. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

A cualificación será de 1 a 10.

Os criterios de cualificación referiránse en todo caso aos obxectivos e contidos da programación do Departamento de Filosofía para o curso actual e á programación de aula dela derivada.

Valorarase o traballo e a participación na clase, o feito de levar ao día as tarefas, así como a presentación en día e hora e a madurez no desenrolo das mesmas.

Terase en conta o traballo programado para facer fora da aula, así como a actitude e a asistencia.

Criterios de recuperación:

Ofertarase ós alumnos a posibilidade de recuperar as avaliacións nas que non acadaran unha nota mínima de 5. Esta recuperación final farase preto do remate do período lectivo ordinario, de acordo coas indicacións do profesorado. Actividades de recuperación.

O profesor poderá especificar algún procedemento de recuperación para aqueles alumnos que suspendan algunha avaliación. Este procedemento poderá ser en forma de probas obxectivas, traballos ou calquera outra que considere oportuna.

O profesorado, se o desexa, poderá tamén propoñer actividades axeitadas para que poidan subir nota aqueles alumnos que así o demanden.

REFORZOS PARA LOGRAR A RECUPERACIÓN

Para o alumnado que teña dificultades no seguimento da materia o profesorado estará disposto a facilitarlle material complementario, asesoramento e mecanismos para solventar as súas dúbidas.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

PLAN DE TRABAJO PARA A SUPERACIÓN DE MATERIAS PENDIENTES

O profesor marcará ó longo do primeiro trimestre unha serie de contidos dos que o alumno se terá que examinar o longo do curso, (como mínimo tres probas) e uns traballos a entregar polo alumno nunhas datas determinadas e que faran media coas probas obxectivas.

6. Medidas de atención á diversidade

Terase en conta o tratamento da diversidade do alumnado con respecto ós diferentes ritmos de aprendizaxe, capacidades e motivación que desenvolve cada alumno ou alumna do curso.

O profesor desenvolverá diferentes estratexias de ensino co fin de facilitar as aprendizaxes das alumnas e os alumnos en función das súas necesidades concretas.

Como vías concretas de actuación podemos sinalar as seguintes:

¿ Conveniencia da interacción entre os alumnos como factor favorecedor da aprendizaxe. O traballo en grupo, alternado co individual pode ser utilizado con diferentes intencións para traballar diferentes niveis de dificultade.

¿ Organizar e presentar os contidos de forma interrelacionada con outras áreas dado que facilita a súa xeneralización

e aplicación a situacións novas.

¿ Utilización de materiais didácticos variados e graduais en función da dificultade.

¿ Considerar a avaliación como un instrumento ao servizo do proceso de ensino-aprendizaxe, e non como a culminación do mesmo.

Todas estas actuacións levaranse a cabo mediante:

¿ Introducción- motivación, para favorecer o interese e participación dos alumnos na aprendizaxe.

¿ Diagnóstico de coñecementos previos, que permitan expresar os seus acertos e erros conceptuais.

¿ Consolidación, para contrastar e establecer relacións entre as novas ideas e as previas dos alumnos.

¿ De ampliación de autonomía que axuden á adquisición de destrezas relacionadas co aprender a aprender

En canto as MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE desenvolveremos a atención aos alumnos con algún tipo de necesidade especial de acordo a regulamentación recollida no DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Ditas necesidades deben recollerse na programación e refírense a:

Adaptacións curriculares

Fanse con aqueles alumnos que necesitan unha modificación do currículo. Estas modificacións poden acadar distintas formas segundo a grao de dificultade do alumno, convén diferenciar entre unha adaptación non significativa, ou reforzo educativo, que responde a unha dificultade transitoria, e adaptacións significativas, que son aquelas que modifican o currículo (obxectivos, contidos e criterios de avaliación).

Atención ao alumnado estranxeiro

A sección segunda do capítulo VII da LOCE adícase aos alumnos estranxeiros, aos cales se lle debe facilitar a súa integración no sistema educativo, alén de propor programas para os que descoñezan a lingua e cultura española.

A orde do 20 de febreiro de 2004 sinala que a chegada de poboación de orixe estranxeiro, así como o retorno de emigrantes galegos e das súas familias está a incidir na diversidade da nosa poboación, fai que prestemos especial atención ás necesidades educativas, sobre todo no referente ás linguas oficiais da nosa comunidade.

Os alumnos estranxeiros terán os mesmos deberes dereitos que os alumnos españois, polo que a súa integración no sistema educativo supón a aceptación das normas establecidas con carácter xeral e das normas de convivencia.

Atención aos alumnos con altas capacidades

Un alumno superdotado ten un coeficiente intelectual superior á media, é creativo e non precisa motivación. As medidas que podemos adoptar son:

Un reforzo educativo: Pódense proporcionar recursos, materiais e actividades complementarias ou outro elemento non prescrito no currículo que o alumno necesite.

Cabe a posibilidade de levar a cabo unha adaptación curricular con máis obxectivos, máis contidos e modificando os criterios de avaliación, Neste caso temos que pedir a oportuna autorización.

Alumnos con necesidades educativas significativas

Cando as dificultades son xerais e permanentes levaranse a cabo adaptacións curriculares significativas en colaboración co departamento de orientación do I.E.S. De cada unha delas quedará constancia no departamento. Enténdese por estas as que consisten na eliminación de contidos esenciais ou obxectivos xerais e a conseguinte modificación dos respectivos criterios de avaliación.

Cando o Departamento de Orientación teña diagnosticados os alumnos con necesidades educativas especiais, o profesor respectivo establecerá as Adaptacións Curriculares máis adecuadas ás súas peculiaridades e características.

Existe un modelo para as adaptacións curriculares que o profesor adaptará a cada alumno en concreto. En devandito modelo estableceranse para cada alumno dun xeito xeral:

1. Os antecedentes sociais, persoais e académicos do alumno.
2. Os recursos persoais e materiais con que se conta.
3. Os obxectivos a conseguir.
4. Os contidos exixibles.
5. A metodoloxía que se vai a empregar.
6. As posibles adaptacións das actividades de aula.
7. Os criterios de avaliación e criterios de cualificación que se van a aplicar.

Programa de reforzo

O alumnado con dificultades tamén ten a posibilidade de incorporarse a un programa de reforzo en aquelas materias que teña dificultades. Cando un alumno ou alumna asista a un programa de reforzo nunha área determinada poderá quedar eximido da realización do programa específico personalizado na dita área.

En canto as medidas metodolóxicas e organizativas desenvólvanse tarefas globalizadas, aprendizaxe cooperativa (dentro do posible), as TIC`s como elemento didáctico e o fomento da auto-aprendizaxe (desenvolver a busca de información/coñecemento por conta propia trala previa formación sobre as pautas aconsellables para que sexa eficiente) e da capacidade crítica.

Programa de reforzo con atribución horaria

O alumnado de 1º curso que accedese á Educación Secundaria Obrigatoria por imperativo legal, aquel que repita 1º curso, aquel que promocionase a 2º curso sen superar todas ou algunha das áreas instrumentais ou aquel que repita 2º curso, poderá seguir un programa de reforzo con atribución horaria.

O alumnado de 1º e de 2º cursos da Educación Secundaria Obrigatoria que curse os programas de reforzo de áreas instrumentais básicas quedará exento de cursar a materia de 2ª Lingua Estranxeira.

A organización será de dúas horas semanais, adxudicadas ao mesmo departamento para levar a cabo un mellor seguimento dos alumnos durante ao curso.

Aula de convivencia

No centro cóntase cun Aula de convivencia para atender aqueles alumnos cunha conduta disruptiva durante as clases.

O funcionamento de esta aula está explicado no protocolo correspondente.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Educación moral e cívica. Respecto pola autonomía dos demais e fomento do diálogo para solucionar diferenzas. ¿ Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos (10 de decembro) ¿ Día de Europa (9 de maio). ¿ Conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia. Semana das Letras Galegas .	X	X	X
ET.2 - ¿ Educación para a paz. Defensa da paz mediante o coñecemento de persoas e institucións significativas e solución dialogada de conflitos. ¿ Día da paz (30 de xaneiro)	X	X	X
ET.3 - ¿ Educación para a saúde e a calidade de vida. Coñecemento progresivo do corpo, anomalías e enfermidades, e desenvolvemento de hábitos de saúde. ¿ Día Mundial da Saúde (7 de abril)	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.4 - ¿ Educación para a igualdade. Desenvolvemento da autoestima e da concepcion do propio corpo como expresion da personalidade. Analise critica da realidade e correccion de xuízos sexistas consolidando habitos non discriminatorios. ¿ Día Internacional da Muller Traballadora (8 de marzo)	X	X	X
ET.5 - ¿ Educación ambiental. Reflexion e compromiso sobre os principais problemas ambientais. ¿ Día Mundial do Ambiente (5 de xuño)	X	X	X
ET.6 - ¿ Educación para o consumidor. Adquisicion de conciencia critica ante os efectos do consumo. Conecemento dos mecanismos do mercado e dos dereitos do consumidor. ¿ Día Mundial dos Dereitos do Consumidor (15 de marzo)	X	X	X

Observacións:

PROGRAMACIÓN DE EDUCACIÓN EN VALORES; ELEMENTOS TRANSVERSAIS.

CA2.7 - Planificar e desenvolver, con creatividade, propostas artístico-musicais, tanto individuais coma colaborativas, empregando medios musicais e dancísticos, así como ferramentas analóxicas e dixitais.	Desenvolver con creatividade propostas artístico musicais.		
CA2.8 - Participar activamente na planificación e na execución de propostas artístico-musicais colaborativas, valorando as achegas do resto dos integrantes do grupo e descubriendo oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional.	Participar con acerto nas propostas da unidade.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Identificar as características culturais e sociais, así como os elementos propios da linguaxe musical das obras propostas que constitúen o patrimonio artístico musical galego e da nosa contorna, con actitude de respecto.	Recoñecer os trazos estilísticos máis importantes da música e danza da época traballada.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Obras musicais e dancísticas: análise, descrición e valoración das súas características básicas. Xéneros da música e da danza. - Voces e instrumentos: clasificación xeral dos instrumentos por familias e características. Agrupacións. - Compositores e compositoras, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia. - Concertos, actuacións musicais e outras manifestacións artístico-musicais en vivo e rexistradas. - Mitos, estereotipos e roles de xénero transmitidos a través da música e da danza. - Normas de comportamento básicas na recepción musical e escénica: respecto e valoración. - Ferramentas dixitais para a recepción musical: diferentes soportes audiovisuais. - Estratexias de procura, selección e reelaboración de información fiable, pertinente e de calidade. - Principais xéneros musicais e escénicos do patrimonio cultural, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia. - Repertorio vocal, instrumental ou corporal individual ou grupal de distintos tipos de música do patrimonio musical propio e doutras culturas. - Técnicas básicas para a interpretación: técnicas vocais, instrumentais e corporais, técnicas de estudo e de control de emocións. - Técnicas de improvisación guiada e libre. - Proxectos musicais e audiovisuais: emprego da voz, do corpo, dos instrumentos musicais, dos medios e das aplicacións tecnolóxicas. - A propiedade intelectual e cultural: formulacións éticas e responsables. Hábitos de consumo musical responsable. - Normas de comportamento e participación en actividades musicais e escénicas. - Ferramentas dixitais para a creación musical. Secuenciadores e editores de partituras. - Compositoras e compositores de cada período da historia da música desde unha perspectiva igualitaria e aberta, atendendo á composición na Comunidade Autónoma de Galicia.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A materia require unha metodoloxía maiormente práctica mesturada coa aprendizaxe teórica. Para traballar a parte práctica e produción musical usaremos metodoloxías cooperativas e colaborativas principalmente, xa que se fará interpretación en conxunto.

Tamén contaremos con metodoloxía de aprendizaxe baseado en proxectos: Presenta ó alumnado situacións complexas con vistas a que intenten resolvelas de forma creativa, estimulando a imaxinación, a creatividade e a aplicación das súas propias experiencias.

No tratamento dos contidos teóricos da materia buscarase un aprendizaxe por descubrimento: a base e observar e

rexistrar información de forma sistemática. Non se trata de proporcionar directamente os coñecementos, senón de ensinarlles a manexar os que xa saben, para que descubran, coa axuda do profesorado outras cousas.

Ademáis do anterior, as directrices metodolóxicas a seguir nesta programación son as seguintes:

- A asimilación dos distintos bloques de contidos, partirá sempre da práctica para logo pasar á teorización, é dicir, a base desta programación é aprender facendo.
- A planificación do ensino faise sempre en base a vivir a experiencia da música a través da interpretación, da creación e da escoita activa de distintas propostas artísticas.
- Os criterios de avaliación están directamente relacionados cos obxectivos propostos, é dicir, superar con éxito os criterios de avaliación amosa o grao de adquisición destes obxectivos por parte do alumnado.
- Diseñaranse diferentes situacións de aprendizaxe que incluírán procedementos diversos para traballar os contidos, e sempre partindo dunha visión global, onde os novos coñecementos aprendidos completen e conecten cos coñecementos previos do alumnado e teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe que coexisten no contexto da aula, así como a atención á diversidade, propoñendo sempre mecanismos de reforzo para as dificultades que se detecten.
- Terase en conta e farase destacable a través dos contidos transversais a importancia da relación entre a materia de Música e outras materias. Aínda que a priori a relación máis directa se dá con Educación Plástica, Visual e Audiovisual, por compartir competencias de índole artística, tamén é posible establecer relacións coas Matemáticas, por exemplo a través das proporcións do ritmo, da estrutura musical, das calidades físicas do son; coas linguas, a través da simbiose entre texto, idioma e melodía; coa Historia para entender os contextos de creación das diferentes obras e expresións musicais universais e coa Tecnoloxía, a través do manexo de diferentes ferramentas dixitais para escribir, manipular o son e componse etc.
- Promoverase nas distintas unidades o traballo en equipo e a capacidade emprendedora, dada a natureza grupal e creativa desta materia, realizando proxectos colaborativos entre o alumnado, onde se poidan aplicar técnicas de reforzo da autoestima, da autonomía, da reflexión e da meditación sobre o grao de responsabilidade de cada un no conxunto do proxecto.
- Utilizaranse distintos tipos de actividades segundo a natureza das unidades: actividades introductorias ou de presentación dos contidos para descubrir os coñecementos previos do alumnado, actividades de motivación ou descubrimento, de desenvolvemento e consolidación, de avaliación, de reforzo e recuperación e de ampliación dos contidos nos casos que sexa necesario.
- Por último destacar os principios metodolóxicos nos que se basea esta programación como son a práctica e a motivación, a interrelación entre contidos e materias, a aprendizaxe significativa e funcional, a creatividade, a atención personalizada, a actitude analítica e a socialización.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Instrumentos dotación de aula y libro de texto Música "Dueto II" Editorial Teide
Aula virtual
Programa de edición de partituras
Materiais do Repositorio Abalar
Programa edición de audio

Instrumentos habituais das dotacións de aula: Orff, pequena percusión, etc

Aula virtual: todos os recursos e actividades que pon á disposición a aula virtual do centro.

Programas de edición de partituras e audio

Material do Repositorio Abalar que se pode descargar e utilizar na Aula Virtual

Libro de texto editorial Teide "Dueto II"

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A Avaliación inicial no 3º curso de ESO terá por obxecto averiguar os coñecementos musicais e dancísticos previos que aprendeu e lembra o alumnado do curso anterior.

Con estas actividades comprobaremos as destrezas adquiridas en anteriores cursos.

1. Realizaranse exercicios en formación orquestral de interpretación melódica con acompañamento harmónico. Esta actividade será realizada por imitación. Utilizaremos para iso as placas, a pequena percusión ou obxectos de son, ou outro instrumento que consideremos idóneo. Con esta tarefa comprobaremos as destrezas motrices aplicadas á rítmica, á memoria harmónica e melódica, ao sentido do pulso ou á capacidade de escoita para adecuarse ao conxunto.

2. Realizaranse exercicios de lectura rítmica e melódica, e interpretación de pequenas partituras (4/8 compases). Con esta actividade avaliaremos o grao de interiorización rítmico-melódico e a capacidade de interpretación dos códigos da linguaxe musical. Para a interpretación usaranse os instrumentos de placas ou a frauta doce.

3. Proba escrita de análise de partitura (8 compases). O alumnado identificará e describirá todos os símbolos que recoñece nela e realizará unha análise melódico-rítmica da mesma

4. Proba escrita de respostas breves dos contidos básicos da música en relación á linguaxe musical e á historia da música.

Con estas actividades de avaliación o alumnado informaranos sobre os coñecementos previos que posúe e o grao de asimilación. Para avaliar as actividades prácticas usaremos táboas de indicadores específicas con diferentes items que reflectan as capacidades psicomotrices, rítmicas, auditivas e interpretativas do alumnado. As probas prácticas daranos a información dos coñecementos teóricos do alumnado.

Outras cuestións como as destrezas no movemento e danza ou o manexo da tecnoloxía irémolas avaliando nas sucesivas unidades.

Á luz dos resultados da avaliación inicial decidiremos aplicar a programación tal e como foi deseñada ou realizar as correspondentes e necesarias adaptacións.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	15	15	15	15	15	10	15	100
Proba escrita	65	40	50	45	40	25	0	38
Táboa de indicadores	35	60	50	55	60	75	100	62

Criterios de cualificación:

Debido a que a materia é altamente procedimental os criterios de cualificación serán os seguintes:

1. Contidos teóricos: puntuarase de 0 a 10 as actividades de avaliación dos contidos de cultura musical, da análise de partituras, das audicións comentadas e dos contidos teóricos da linguaxe musical, sendo logo un 30% da nota final. O exame escrito contará con algunhas preguntas tipo test e outras de redacción, explicación de contidos e de análise de audicións ou partituras. Farase un exame trimestral, puidendo nalgunhas unidades realizar exames parciais e

facer a media entre todas as actividades de avaliación escritas do trimestre, contando un 15% o exame trimestral, e outro 15% a media dos exames parciais feitos por unidades.

O exame teórico poderá ser adaptado segundo os casos de necesidades educativas especiais ou atención á diversidade especificados e acordados co departamento de orientación e os informes pertinentes presentados polas familias.

2. Contidos prácticos: puntuaranse de 0 a 10 as actividades de interpretación instrumental, vocal exercicios prácticos de lectura rítmica/melódica, traballo na aula e na casa, os traballos a presentar, etc sendo logo un 70% da nota final.

A parte práctica avaliarase mediante a observación sistemática con táboa de indicadores ou rúbricas.

En relación á interpretación instrumental hai que ter en conta os diferentes niveis do alumnado, polo que o profesorado facilitará no posible as medidas necesarias para aquel alumnado que o precise (dispoñibilidade horaria no recreo, adecuación das partituras ao nivel, etc.).

O aprobado da materia acádase cunha puntuación mínima de 5.

A avaliación final será o resultado da aplicación das seguintes porcentaxes dos tres trimestres:

- 1º Trimestre: 30%

- 2º Trimestre: 30%

- 3º Trimestre: 40%

Cando a nota de cada avaliación ou final dea números con decimais, se estes están por debaixo de 0.5 tenderase a nota enteira inferior, e se están por enriba de 0.5 tenderase a nota enteira superior, por exemplo, se a media é de 7.3 a nota será 7; se a media é 7.7 a nota será 8.

Para acadar o aprobado será necesario obter un mínimo de 5 nas actividades e probas, e a nota da avaliación final obterase facendo media co 40% da nota obtida no terceiro trimestre, un 30% da nota obtida na primeira avaliación y un 30% da nota obtida na segunda. O alumnado que acade unha cualificación inferior a 5 na avaliación final suspenderá a materia.

Criterios de recuperación:

Polo carácter práctico da materia e a interrelación entre os contidos dos distintos bloques, os contidos que non son adquiridos nunha actividade aparecen noutras nas que sí poden ser adquiridos. Mesmo no caso dos contidos teóricos, o traballo dos mesmos desde outras perspectivas reforza a súa adquisición e logro. Por iso, as sucesivas actividades do curso pasan a ser tamén actividades de recuperación. Para acadar o aprobado será necesario obter un mínimo de 5 nas actividades e probas, e a nota da avaliación final obterase facendo media co 40% da nota obtida no terceiro trimestre, un 30% da nota obtida na primeira avaliación y un 30% da nota obtida na segunda. O alumnado que acade unha cualificación inferior a 5 na avaliación final suspenderá a materia.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Se se pasa a 4º curso coa materia de 3º pendente seguirase o procedemento de recuperación trimestral ou anual a acordar co alumnado. Dita recuperación constará dun exame trimestral ou anual con parte teórica e práctica, tal como ven descrito no apartado "criterios de cualificación", onde a teoría será o 30% da nota e práctica o 70% da nota. O peso dos tres trimestres será 30%, 30% e 40% respectivamente. Será necesario acadar unha nota media de 5 para recuperar a materia pendente.

Naqueles casos que se necesite, establecerase dacordo co departamento de orientación, un plan de reforzo e adaptación aos casos de necesidades específicas de apoio educativo e atención á diversidade, adaptando os contidos, os exames e incluso o tempo dado para resolver ditas probas segundo cada caso concreto, e establecendo un recreo cada semana para solventar dúbidas e axudar a preparar a parte práctica instrumental e vocal.

6. Medidas de atención á diversidade

Prestaremos especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, ofrecendo diferentes formas de organización dos espazos e tempos da clase, e metodoloxías variadas que permitan a todo o alumnado seguir as explicacións e actividades propostas.

O obxectivo fundamental é asegurar a normalización, inclusión e non-discriminación deste alumnado coa fin de que poida acceder a unha educación de calidade con igualdade de condicións.

Para garantir un apoio adecuado a este alumnado é fundamental establecer canles de colaboración entre o diverso profesorado que intervén na súa educación, e organizar os recursos persoais e materiais do centro coa fin de

desenvolver actividades encamiñadas á inserción e promoción.

Estudiaranse as circunstancias concretas de cada caso, con especial atención ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, tendo en conta os diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, establecendo as liñas educativas a seguir e garantindo así os apoios necesarios. Para elo, a función da coordinación entre docentes, alumnado e familias é fundamental a través da titoría.

Poderanse realizar adaptacións curriculares e organizativas ofrecendo entre outros, programas de reforzo ademais de medidas de apoio personalizado para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo, e para aqueles que permanezan un ano máis no mesmo curso, coa fin de permitir a todo o alumnado o desenvolvemento das competencias clave previsto no perfil de saída e a consecución dos obxectivos xerais da educación secundaria obrigatoria, así como alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais.

Con todo, para a atención á diversidade do alumnado de educación secundaria obrigatoria estarase ao disposto na lexislación vixente na Comunidade Autónoma de Galicia.

Algunhas posibles ferramentas para organizar a atención á diversidade serían:

1. Organizar ao alumnado en diferentes agrupamentos nas actividades segundo os seus intereses e motivacións.
2. Utilizar materiais variados en ditas actividades: escritos, audiovisuais, etc.
3. Aplicar diversas técnicas e metodoloxías para explicar un mesmo contido.
4. Manter o contacto permanente con este alumnado a través de entrevista persoal e titorías coas familias para saber que parte da asignatura cóstalles máis seguir.
5. Ofrecerlle tempo extra para asimilar as explicacións (por exemplo algún recreo a semana para consultar dúbidas) e para resolver probas específicas.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Creatividade	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Autonomía	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Traballo en equipo, emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Igualdade entre sexos	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Consumo responsable: fomento do espírito crítico	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Respeto mutuo: educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Competencia dixital e comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X

Observacións:

- Comprensión lectora: Traballárase principalmente través dos textos para aprender os contidos teóricos.
- Creatividade: traballarase a través da composición de exercicios e pezas propias de percusión corporal, uso de tecnoloxías, creación de letras, improvisación...
- Autonomía: traballarase de actividades de improvisación, creación de contidos e proxectos propios tanto a nivel individual como grupal.
- Tralado en equipo, emprendemento social e empresarial: Actividades que implican creación de proxectos grupais.
- Igualdade entre sexos: Utilización de obras de diversos estilos e épocas compostas tanto por homes como por mulleres, fomentando especialmente o repertorio composto por mulleres e intérpretes femininas.
- Consumo responsable: fomento do espírito crítico. A través da comprensión dos elementos que conforman a música e dos distintos estilos e xéneros musicais o alumnado conformará unha opinión obxectiva e crítica e isto contribuirá a fomentar un consumo musical responsable
- Respecto mutuo: educación emocional e en valores. Actividades musicais grupais nas que é primordial respectar as producións musicais dos demais e axudarse mutuamente para conseguir un son de conxunto.
- Expresión oral e escrita: A través da redacción de textos explicativos e traballos de exposición oral como por exemplo explicar os parámetros que conforman o son, a forma dunha canción, a importancia do silencio na nosa saúde e nas nosas vidas, etc.
- Competencia dixital e comunicación audiovisual: a través da creación de músicas con ferramentas dixitais e de eventos musicais que engloben non so música e danza, senón tamén propostas audiovisuais que as acompañen, creando así unha performance global.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición
Actuacións públicas en Nadal ou final de curso	As pezas musicais traballadas ao longo do curso executaranse en público en Nadal ou a final de curso.
Asistencia como público a un concerto didáctico	Propiciarase a asistencia do grupo a un concerto didáctico, para poñer en práctica as normas de comportamento aprendidas na clase, así como vivir a experiencia de escoitar música en directo.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Ben ou acadado
Mal ou non acadado
Regular ou mellorable

Descrición:

A programación é un documento aberto e susceptible de cambios segundo observemos os procedementos que funcionan e os que non. Debe revisarse cada ano coa fin de adaptala mellor á realidade das aulas. A posta en práctica de dita programación é o que nos permite melloralala, recollendo a través dos procedementos de avaliación da propia programación e da práctica docente, a información necesaria para reformala. O proceso de avaliación da propia programación e da práctica docente realízase dentro do Departamento coa información recollida polos docentes sobre diferentes aspectos do desenvolvemento da mesma, que debería incluír unha valoración/avaliación dos estudantes, do seu propio proceso de ensino-aprendizaxe, que pode realizarse a través dun cuestionario ou unha entrevista con cada alumno a final e curso. Algúns dos ítems a contemplar para avaliar a propia programación e a

práctica docente mediante rúbrica son os seguintes:

- Comprobación dos obxectivos propostos: se estes se adaptan ao curso correspondente, se se poden acadar coas unidades propostas, a porcentaxe de alumnado que consegue ditos obxectivos, etc.
- Idoneidade das unidades didácticas propostas: se hai correlación entre obxectivos, contidos e criterios de cualificación nestas, a corrección da temporalización. e se contribúen realmente a acadar as competencias clave.
- Utilidade materiais didácticos empregados: comprobar se o alumnado os entende, se son variados, se están adaptados para o alumnado con necesidades educativas específicas e de apoio educativo, se inclúen TIC, etc.
- Valoración dos criterios e instrumentos de avaliación e cualificación: se son útiles e precisos, se os instrumentos de avaliación inclúen métodos cualitativos e cuantitativos, se se inclúen procedementos de recuperación, etc.
- Grao de implicación dos estudantes no proceso de ensino-aprendizaxe: coñecen os obxectivos propostos, o repertorio e actividades parécenlles adecuados, coñecen os criterios de avaliación e cualificación, etc.
- Tido en conta o anterior, elaboración de propostas de mellora.

Os ítems anteriores avalíaranse mediante os indicadores ben ou acadado, mal ou non acadado e regular ou mellorable no caso de que sexa acadado pero que se poida revisar e mellorar.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Para o seguimento da programación, avaliación desta e propostas de melloras utilizaremos unha táboa de indicadores considerando os ítems expostos no punto anterior: "avaliación do proceso de ensino e práctica docente", valorando para cada un deses ítems o grao de consecución e facendo propostas de mellora naqueles puntos que se observen carencias. Así o procedemento de seguimento e avaliación da programación e da práctica docente farase mediante táboas de indicadores, ficha con preguntas a cubrir polo alumnado e entrevista persoal co alumnado.

A partir da análise dos datos extraídos destes procedementos de seguimento, faranse as correspondentes propostas de mellora.

Dito seguimento farase trimestralmente acordando en reunión de departamento os cambios a introducir na programación a través da aplicación proens en cada trimestre e a final de curso de cara ao ano seguinte.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019475	IES de Rodeira	Cangas	2022/2023

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Proxecto competencial	3º ESO	1	35

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	3
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	6
4.2. Materiais e recursos didácticos	7
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	7
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	7
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	8
6. Medidas de atención á diversidade	8
7.1. Concreción dos elementos transversais	8
7.2. Actividades complementarias	8
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	9
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	9
9. Outros apartados	9

1. Introducción

A materia de Proxecto Competencial dirixese ao desenvolvemento das competencias transversais a través da realización de proxectos significativos para o alumnado e da resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

O produto final será unha exposición oral que se realizará ante o alumnado do IES (ou, alo menos, ante todo o alumnado de 3ºESO) e versará sobre diferentes aspectos da cidade en que nos encontramos: Cangas. Plantéxase de xeito cooperativo e con diferentes grupos de alumnado centrados en diferentes aspectos socioeconómicos e culturais da zona.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Diseñar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	1
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Buscamos información sobre Cangas.	Buscaremos información sobre aspectos demográficos, económicos, sociais e culturais de Cangas, e a traballamos para obter datos e conclusións.	35	14	X		
2	Aprendemos a presentar a información.	Traballaremos cos datos obtidos na primeira avaliación na busca de produtos finais visuais ou sonoros que nos sirvan de apoio para a nosa presentación final.	35	14		X	X
3	Presentamos o que aprendimos.	Presentarase a información traballada durante o curso e as conclusións sobre a evolución de Cangas nos últimos anos. As presentacións faranse en grupos tanto na clase como a outras clases do IES	30	7			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Buscamos información sobre Cangas.	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Deberán entregar unha lista de información a buscar e de fontes que empregarán inicialmente. Poden aumentar as fontes, pero non diminuír in estas nin os tópicos a investigar.	PE	35
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Avaliarase a análise da información procurada, que deberá ser significativa, obxectiva e relevante.		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Deberán entregar unha temporalización das sesións que dedicarán a cada un dos epígrafes encargados a cada grupo de traballo.		
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	O alumno/a debe mostrar interese pola temática do proxecto de investigación sobre a súa cidade. Ao longo do curso poderase valorar ese interese pola súa participación e implicación nas tarefas	TI	65
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Deberán deixar tempo para resolver incidencias, e ter previsto como desenvolverse no caso de non conseguir consultar as fontes inicialmente previstas.		
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Controlarase que as investigacións, selección e a análise da información segue a temporalización prevista e vai ofrecendo os resultados esperados. Esa temporalización deberá cumprirse cunha desviación máxima dunha sesión.		
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Deberán mostrar algunha mellora en todas as competencias, dado que as actividades previstas mobilizarán todas e cada unha delas.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Deberán resolvelas no pequeno grupo de traballo; de non conseguirse, poderán pedir axuda a algún compoñente do grupo de traballo vecino. Non se considera conseguido se é a profesora a que debe resolver a incidencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.

Contidos
- Planificación: secuenciación e temporalización.
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.

UD	Título da UD	Duración
2	Aprendemos a presentar a información.	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Deberán presentar conclusións sobre o aspecto de Cangas que lles tocasse. Rúbrica para avaliar. O mínimo de consecución correspóndese co nivel da rúbrica "case o tes".	PE	20
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	O alumno/a debe mostrar interese pola temática do proxecto de investigación sobre a súa cidade. Ao longo do curso poderase valorar ese interese pola súa participación e implicación nas tarefas	TI	80
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Lista de cotexo para que todo o alumnado sexa quen de superar este criterio de avaliación		
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Requírese unha calidade mínima, pero o alumnado recibirá indicacións acotío para mellorala nas sucesivas sesións.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar os recursos previstos adecuadamente.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Que o alumnado presente un certo nivel de autonomía e que se perciba melloría según transcurre o curso.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.

UD	Título da UD	Duración
3	Presentamos o que aprendimos.	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	O alumno/a debe mostrar interese pola temática do proxecto de investigación sobre a súa cidade. Ao longo do curso poderase valorar ese interese pola súa participación e implicación nas tarefas	TI	100
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	O alumno/a deberá seguir a temporalización prevista para todas as fases asumindo a súa responsabilidade individual dentro do traballo do grupo		
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	O alumno/a deberá ser quen de aplicar o aprendido durante o curso para levar a cabo o proxecto final da materia.		
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Lista de cotexo para garantir que todo o alumnado sexa quen de superar este criterio		
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Rúbrica de presentación oral. O grao mínimo de consecución sería o nivel "case o tes"		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Rúbrica de presentación oral. O grao mínimo de consecución sería o nivel "case o tes"		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Rúbrica de presentación oral. O grao mínimo de consecución sería o nivel "case o tes"		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Lista de cotexo para garantir que todo o alumnado consegue superar este criterio.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Execución de proxectos: dinámicas e roles. - Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta. - Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

4.1. Concrecións metodolóxicas

O traballo da materia será realizado na aula e en pequenos grupos que se establecerán ao principio do curso (terceira ou cuarta sesión) e se manterán ata as presentacións finais. Partirase dun nivel básico das competencias para avanzar cara ao desenvolvemento das mesmas no alumnado, sempre promovido por actividades motivadoras relacionadas co seu entorno e cos seus intereses.

Empregaranse estruturas cooperativas para o traballo diario.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Aula polivalente
Canóns de proxección nas aulas de presentación

Empregaremos a aula polivalente en todas as sesións da primeira e segunda unidades didácticas por ser o lugar onde podemos utilizar ordenadores conectados a internet no IES. Utilizaremos buscadores, programas de ofimática de libre uso e programas abertos online para facer resumos e presentacións. Asemade, empregaremos o canón para proxectar o apoio audiovisual nas presentacións da terceira unidade didáctica a outras clases.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao ser unha materia nova e competencial non ten sentido facer unha avaliación inicial de contidos. O grao de desenvolvemento das competencias será recollido da avaliación de competencias do ano anterior. A observación dos primeiros días tamén servirá de punto de partida.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	35	35	30	100
Proba escrita	35	20	0	19
Táboa de indicadores	65	80	100	81

Criterios de cualificación:

Empregaranse frecuentemente listas de cotexo e escalas de observación para avaliar o desenvolvemento do alumnado nas diferentes tarefas propostas para traballar na aula. Cumprir os requisitos formulados nas listas de cotexo corresponderá cunha cualificación de 5-6.

A progresión na calidade e no desenvolvemento das tarefas será o que aporte notas superiores, tendo en conta a coavaliación dos grupos (baseada en rúbricas) nun 15% da nota final.

Criterios de recuperación:

Non procede a recuperación, ao ser unha materia de contido únicamente competencial. De non haberse adquirido ningunha mellora nas competencias en algún alumno/a plantexarase un rediseño das actividades.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Esta materia trabállase integramente na aula e a avaliación é continua, polo que non procede recuperación por avaliacións.

Se ao final de curso fose suspensa, formularase un novo traballo que deberá ser desenvolvido individualmente polo estudante en cuestión de cara a avaliación extraordinaria.

O mesmo procedemento empregarase no caso de quedar a materia pendente en alumnado que pase de curso.

6. Medidas de atención á diversidade

O emprego de estruturas cooperativas xa é en si mesmo unha medida de atención á diversidade. Dado o carácter competencial e que se busca mellorar no nivel de partida que cada quen trae non será necesaria ningunha medida extraordinaria, adíás a atención da profesora en casos en que a persoa o necesite para seguir evolucionando positivamente.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Desenvolvemento da igualdade e respecto á diversidade	X	X	X
ET.2 - Comprensión lectora, expresión oral e escrita	X	X	X
ET.3 - Uso das TAC	X	X	X
ET.4 - Prevención e resolución pacífica de conflitos	X	X	X

Observacións:

En todo o traballo se promoverá o respecto á igualdade poñendo especial atención ás mulleres e á súa importancia dentro do tema que abordamos. Asemade, a composición dos grupos de traballo terá en conta a heteroxeneidade en cuestións de sexo, raza e capacidades.

A propia materia busca unha mellora nas competencias lingüísticas do alumnado que se fará efectiva mediante o traballo da información nas dúas primeiras unidades e coa confección do produto final na terceira.

O traballo en grupos cooperativos pode supoñer un traballo de adaptación aos demais compañeiros/as e inicialmente pode levar a pequenos conflitos, pero é unha metodoloxía que acaba por mellorar as habilidades sociais e a capacidade para aceptar opinións e formas de traballo diferentes da propia, o que redonda nunha diminución da conflictividade na aula.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición
A historia viva de Cangas	Buscaremos fontes vivas que relaten ao alumnado as súas lembranzas de Cangas cando eran mozos.
A cultura en Cangas	Está prevista unha charla dun autor literario de Cangas, pendente de confirmación.

Actividade	Descrición
O deporte en Cangas	Está prevista unha charla dun deportista de nivel nacional/internacional de Cangas. Pendente de confirmación.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Mellora do punto de partida das competencias de cada alumno ao longo do curso.
Cuestionario ao alumnado

Descrición:

Coas actividades das primeiras sesións e mediante observación directa e traballos individuais determinarase un nivel aproximado de desenvolvemento das competencias que podemos chamar "inicial". A mellora será considerada como resultado positivo. A non melloría xeral nunha determinada competencia levará á revisión das actividades plantexadas

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Realizarase un seguimento trimestral da programación e adaptaranse os tempos, en caso necesario. A revisión e control das actividades e o seguimento da programación deste ano proporcionará propostas de mellora para o seguinte curso.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019475	IES de Rodeira	Cangas	2022/2023

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Relixión católica	3º ESO	1	35

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	18
4.2. Materiais e recursos didácticos	19
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	19
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	19
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	20
6. Medidas de atención á diversidade	20
7.1. Concreción dos elementos transversais	21
7.2. Actividades complementarias	21
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	22
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	22
9. Outros apartados	22

1. Introducción

Coa incorporación da materia de Relixión ao currículo de Educación Secundaria Obrigatoria, a lexislación educativa en España é coherente coa Declaración Universal dos Dereitos Humanos de 1948, que recoñece o dereito de todos a un tempo educación integral e o dereito preferente das familias para elixir o tipo de educación que haberá de darse aos seus fillos e fillas. Estes dereitos e liberdades fundamentais están así recoñecidos no Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais de 1966 e a Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea do 2000. A LOMLOE, ademais, no primeiro apartado do seu primeiro artigo, asegurou o cumprimento efectivo dos dereitos da infancia segundo o establecido na Convención sobre os Dereitos do Neno. Son referencias básicas do dereito internacional ratificadas polo Estado español. Cúmprese así o establecido na Constitución española de 1978 no seu Título primeiro sobre dereitos e liberdades fundamentais, no referido á liberdade relixiosa e o dereito á educación. Neste marco, o ensino da Relixión Católica propónse como materia curricular de oferta obrigatoria para os centros escolares e de libre elección para as familias. Forma parte da proposta educativa necesaria para o pleno desenvolvemento da personalidade dos alumnos e alumnas. O currículo da materia de Relixión Católica é resultado dun fecundo diálogo da Teoloxía, fonte epistemolóxica que proporciona os saberes básicos esenciais para unha formación integral na escola inspirada na visión cristiá da vida, con outras fontes curriculares, especialmente a psicopedagóxica, que orientan o necesario proceso educativo na Educación Secundaria Obrigatoria. O deseño curricular da materia de Relixión Católica tivo en conta o contexto global que está a vivir a educación nas primeiras décadas do século XXI: dialogou co marco europeo de educación nas súas competencias clave de 2018 e quere integrarse no seu horizonte de 2025, deixouse interpelar pola sensibilidade dos obxectivos de desenvolvemento sostible e a cidadanía global e intercultural, e tivo en conta a oportunidade de re-imaginar os futuros da educación priorizando o aprender a ser e a vivir con outros. Á vez, deixouse afectar polos compromisos do Pacto Educativo Global, promovido pola Igrexa católica, que subliña a centralidade da persoa nos procesos educativos, escóitaa das novas xeracións, a acollida de todas as realidades persoais e culturais, a promoción da muller, a responsabilidade da familia, a educación para unha nova política e economía e o coidado da casa común. Especialmente, o currículo de Relixión Católica ábrese ás iniciativas eclesiais da Misión 4.7, sobre a ecoloxía integral, e do Alto Comisionado para a Fraternidade Humana conformado por diversas relixións para construír a casa común e a paz mundial. Desta maneira, o ensino da relixión católica, mantendo a súa peculiaridade e a esencia do diálogo fe-cultura e fe-razón que a caracterizou na democracia, acolle os signos dos tempos e responde os desafíos da educación neste século XXI.

Facilítase unha aprendizaxe competencial dos contidos apresos, de maneira que as aprendizaxes sexan útiles para a vida dos alumnos, contribuíndo á súa formación integral e á súa inserción social.

A abordaxe dos contidos faise a través de actividades que susciten o interese dos alumnos, que promovan o diálogo e que buscan expor cuestións que fagan reflexionar sobre os grandes interrogantes vitais. Antes de abordar os novos contidos detéctanse os coñecementos previos do alumnado.

O Proxecto é modular e flexible o que permite a creación de itinerarios de aprendizaxe que se adaptan ás particulares do novo currículo. Baséase no Deseño Universal de Aprendizaxe (DUA), para definir as situacións de aprendizaxe, os retos, os escenarios cooperativos, as estratexias de pensamento, facendo accesible a aprendizaxe a todos os alumnos.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Identificar, valorar e expresar os elementos crave da dignidade e identidade persoal a través da interpretación de biografías significativas, para asumir a propia dignidade e aceptar a identidade persoal, respectar a dos outros, e desenvolver con liberdade un proxecto de vida con sentido.	1-3			1-4	1-2-4-5		2-3	3

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Valorar a condición relacional do ser humano, desenvolvendo destrezas e actitudes sociais orientadas á xustiza e á mellora da convivencia tendo en conta o maxisterio social da Igrexa, para aprender a vivir con outros e contribuír á fraternidade universal e a sustentabilidade do planeta.	2-5	3	5	3	3	1-2-4	1	
OBX3 - Asumir os desafíos da humanidade desde unha perspectiva inclusiva recoñecendo as necesidades individuais e sociais, discerníndoos coas claves do «Reino de Deus», para implicarse persoal e profesionalmente na transformación social e o logro do ben común.	1-5		3	1	3	3-4	1	3
OBX4 - Interpretar e admirar o patrimonio cultural nas súas diferentes expresións, recoñecendo que son portadoras de identidades e sentido, apreciando como o cristianismo se ha encarnado en manifestacións diversas, para desenvolver sentido de pertenza, participar na construción da convivencia e promover o diálogo intercultural no marco dos dereitos humanos.	4	3		2-3		3		1-2-4
OBX5 - Recoñecer e apreciar a propia interioridade, a experiencia espiritual e relixiosa, presente en todas as culturas e sociedades, comprendendo a experiencia de personaxes relevantes e valorando as posibilidades do relixioso, para discernir posibles respostas ás preguntas sobre o sentido da vida, e favorecer o respecto entre as diferentes tradicións relixiosas.	1				1-3-5	3	2	1-3
OBX6 - Identificar e comprender os contidos esenciais da Teoloxía cristiá, contemplando e valorando a contribución da tradición cristiá á procura da verdade, para dispoñer dunha síntese do cristianismo que permita dialogar con outras tradicións, paradigmas e cosmovisións.	2-3		4	1	4-5	1-4	3	1

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A Igrexa relixiosidade visible e espiritual.	A igrexa como misterio. Imáxenes para entender a Igrexa- A xerarquía da igrexa como servizo. A vocación e misión dos laicos e relixiosos no coidado do mundo..O alumnado descubrirá a misión da Igrexa como servidora no mundo.	12	5	X		
2	As notas da Igrexa de Xesús	A Igrexa Unha e Santa. A Igrexa Católica e Apostólica. A realización da Igrexa: as notas da unidade. O alumnado comprenderá a importancia de	12	4	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	As notas da Igrexa de Xesús	estas notas esenciais da Igrexa e o seu devir na Historia. Insertará a súa vida no seu entorno, en diálogo coas distintas visións da relixión eclesial.	12	4	X		
3	A Igrexa nos s. I-IV	A época apotólica e a relación co Império román: Relacións de encontro e desencontro. O final do paganismo: O itinerario xurídico hacia a liberdade e a organización da <Igrexa en liberdade. A formulación dogmática da fe cristián: os Credo-. O primeiro arte cristián. O alumnado afonda no devir da historia da Igrexa bino mundo. Como se autocomprende, como se relaciona coa contorna, nunha interacción común, donde prima o servizo, coidado dos pobres, que fan da Igrexa modelo atractivo. Descubrir como no gran império román os cristiáns son admirados e perseguidos.	12	4	X		
4	A evanxelización de Europpa (ss.V-VIII)	Neste devir da historia, o alumnado comprenderá como foi o proceso de asimilación dos pobos Barbaros dentro do imperio román caído:. Verá como o cristianismo herdeira dese imperio, o conserva e o transmite a ROMANIZACIÓN Os barbaros e o cristianismo. A Igrexa e os pobos xermánicos, A Europa Occidental e Oriental. É a Idade Media. A expresión artística de este séculos: O Románico	12	4		X	
5	O Cristianismo na era feudal	Entender e valorar ese longo proceso da Historia da Igrexa no mundo, como lugar do Reino de Deus. Coidar e conformar toda a vida neste momento histórico. As inxerencias da Igrexa no podere civil e viceversa. Servirá ao alumnado a entender que como cristiáns e Igrexa forman parte do mundo. O imperio cristián calolinxio, o feudalismo. o problema das investiduras As grandes reformas (virtudes e vicios) destes séculos. O Cisma de Oriente. As peregrinacións e as cruzadas. O arte Románico no seu esplendor.	12	4		X	
6	Apoxeo e Crise na Europa Cristián (ss. XIII-XV)	Seguir e comprender a Historia da Igrexa como lugar do Reino de deus: cos seu gozos e sombras .Os/as alumnos/as comprenden críticamente a súa relixión de cristiáns asimilando que somos fruto da Historia, esta configura a nosa relixión, É un acerbo da nos cultura que temos que valorar para entendernos e tranformar a nosa relixión de hoxe: a Historia como lugar de aprendizaxe. O apoxeo da cristinadae s..XIII, movementos	12	4		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	Apoxeo e Crise na Europa Cristián (ss. XIII-XV)	evanxélicos e heréticos, a crise da cristiandade. A arte Gótica.	12	4		X	
<ul style="list-style-type: none"> - Sociedade da información. Procura, tratamento da información, uso de datos en contornas dixitais e avaliación e contraste da fiabilidade das fontes. O problema da desinformación. Uso específico do léxico relativo aos ámbitos histórico, artístico e xeográfico. - Cultura mediática. Técnicas e métodos das Ciencias Sociais: análise de textos, interpretación e elaboración de mapas, esquemas e sínteses, representación de gráficos e interpretación de imaxes a través de medios dixitais accesibles. Tecnoloxías da información xeográfica. - Métodos de investigación no ámbito da Xeografía e da Historia. Metodoloxías do pensamento histórico e do pensamento xeográfico. - As fontes históricas como base para a construción do coñecemento sobre o pasado contemporáneo. Contraste entre interpretacións de historiadores. - A transformación política dos seres humanos: da servidume á cidadanía. Transicións, revolucións e resistencias: permanencias e cambios na época contemporánea. A conquista dos dereitos individuais e colectivos na época

Contidos
- contemporánea. Orixe, evolución e adaptación dos sistemas liberais en España e no mundo a través das fontes.
- Diversidade social e multiculturalidade. Integración e cohesión social. Medidas e accións en favor da igualdade e da plena inclusión.

UD	Título da UD	Duración
9	A chegada dunha nova dinastía en España. Os Borbóns.	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Utilizar secuencias cronolóxicas complexas nas que identificar, comparar e relacionar feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade, duración, causalidade), utilizando termos e conceptos específicos do ámbito da Historia e da Xeografía.	Elabora con certa autonomía escalas cronolóxicas dos feitos acaecidos no século XVIII en España e no resto do territorio Europeo e saca algunha conclusión.	PE	70
CA2.4 - Identificar os principais feitos históricos nos diferentes contextos e valorar os cambios que propiciaron nos aspectos ideolóxicos, sociais, políticos e económicos conformando as bases do mundo contemporáneo e actual; así mesmo, xustificar que feitos do pasado teñen unha incidencia no presente establecendo relacións de causalidade e consecuencialidade que todo acontecemento histórico vai provocar no futuro.	Identifica algunhas características básicas da Ilustración española e galega e explica algunhas reformas políticoadministrativas do século XVIII		
CA3.3 - Entender e afrontar, desde un enfoque ecosocial, problemas e desafíos pasados, actuais ou futuros das sociedades contemporáneas tendo en conta as súas relacións de interdependencia e ecodependencia.	Explica dun xeito comprensible as reformas económicas acometidas polos Borbóns e extrapola a súa influencia na actualidade no senso de establecer relación entre estado uniformista e descentralizado.		
CA3.5 - Rexeitar actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade, a partir da análise da relación entre os aspectos xeográficos, históricos, ecosociais e culturais que conformaron a sociedade globalizada e multicultural actual, e o coñecemento da achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e a igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados.	Identifica cun certo grao de comprensión os rasgos que conformaron a España e Galicia contemporánea e é quen de enumerar algunhas características da diversidade social e cultural que conforman o país.	TI	30
CA1.1 - Elaborar contidos propios en distintos formatos, mediante aplicacións e estratexias de recollida e representación de datos máis complexas, usando e contrastando criticamente fontes fiables, tanto analóxicas como dixitais, do presente e da historia contemporánea, identificando a desinformación e a manipulación.	É capaz de realizar con certa soltura unha pescuda de información sobre que é Dinastía e averigua que reis españois houbo antes do século XVIII		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Recoñecer os trazos que van conformando a identidade propia e a dos demais, a riqueza das identidades múltiples en relación con distintas escalas espaciais, a través da investigación e a análise dos seus fundamentos xeográficos, históricos, artísticos, ideolóxicos e lingüísticos, e o recoñecemento das súas expresións culturais.	De feito suficiente e comprensible fai un resumo tras a lectura, visualización, proxección dunha breve reseña histórica de España antes do XVIII e recoñece trazos identitarios		
CA2.3 - Transferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos.	Realiza tarefas propostas sobre a España e Galicia do século XVIII como cuestionarios, test, relación de termos...		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Sociedade da información. Procura, tratamento da información, uso de datos en contornas dixitais e avaliación e contraste da fiabilidade das fontes. O problema da desinformación. Uso específico do léxico relativo aos ámbitos histórico, artístico e xeográfico. - Cultura mediática. Técnicas e métodos das Ciencias Sociais: análise de textos, interpretación e elaboración de mapas, esquemas e sínteses, representación de gráficos e interpretación de imaxes a través de medios dixitais accesibles. Tecnoloxías da información xeográfica. - A chegada a España dunha nova dinastía, uniformismo e reformismo borbónico. Crise do Antigo Réxime en España e Galicia ata 1814. O reformismo ilustrado en Galicia. - O patrimonio como ben e como recurso. Posta en valor, difusión e xestión da riqueza patrimonial.

UD	Título da UD	Duración
10	As transformacións políticas. Da servidume á cidadanía.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Xerar produtos orixinais e creativos mediante a reelaboración de coñecementos previos a través de ferramentas de investigación que permitan explicar problemas presentes e pasados da humanidade a distintas escalas temporais e espaciais, do local ao global, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes.	Demostra que sabe expresar o significado de termos históricos como Revolución, Burguesía, Capitalismo, Democracia, Constitución, Absolutismo, etc.		
CA2.4 - Identificar os principais feitos históricos nos diferentes contextos e valorar os cambios que propiciaron nos aspectos ideolóxicos, sociais, políticos e económicos conformando as bases do mundo contemporáneo e actual; así mesmo, xustificar que feitos do pasado teñen unha incidencia no presente establecendo relacións de causalidade e consecuencialidade que todo acontecemento histórico vai provocar no futuro.	Explica o concepto de revolución burguesa e cita algúns obxectivos políticos revolucionarios en contraposición co Antigo Réxime.	PE	70

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dosieres informativos, que reflectan un dominio e consolidación dos contidos tratados.	É capaz de facer unha enumeración dos motivos que conduciron ás Revoltas e fai un exercicio escrito comprensible.		
CA3.3 - Entender e afrontar, desde un enfoque ecosocial, problemas e desafíos pasados, actuais ou futuros das sociedades contemporáneas tendo en conta as súas relacións de interdependencia e ecodpendencia.	Responde a preguntas sobre o proceso de Independencia das colonias americanas e da Revolución Francesa e identifica a ideoloxía liberal e nacionalista como ideas do presente.		
CA2.2 - Utilizar secuencias cronolóxicas complexas nas que identificar, comparar e relacionar feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade, duración, causalidade), utilizando termos e conceptos específicos do ámbito da Historia e da Xeografía.	É capaz de realizar unha liña do tempo na que se representen os procesos revolucionarios da época: Revolución Francesa, etapa de Napoleón, Revolución Industrial...	TI	30
CA2.3 - Transferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos.	É capaz de realizar unha presentación para expor sobre un personaxe (home ou muller) da época e sobre o papel das mulleres nos procesos revolucionarios.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Sociedade da información. Procura, tratamento da información, uso de datos en contornas dixitais e avaliación e contraste da fiabilidade das fontes. O problema da desinformación. Uso específico do léxico relativo aos ámbitos histórico, artístico e xeográfico. - Cultura mediática. Técnicas e métodos das Ciencias Sociais: análise de textos, interpretación e elaboración de mapas, esquemas e sínteses, representación de gráficos e interpretación de imaxes a través de medios dixitais accesibles. Tecnoloxías da información xeográfica. - A transformación política dos seres humanos: da servidume á cidadanía. Transicións, revolucións e resistencias: permanencias e cambios na época contemporánea. A conquista dos dereitos individuais e colectivos na época contemporánea. Orixe, evolución e adaptación dos sistemas liberais en España e no mundo a través das fontes. - A chegada a España dunha nova dinastía, uniformismo e reformismo borbónico. Crise do Antigo Réxime en España e Galicia ata 1814. O reformismo ilustrado en Galicia. - Emprego e traballo na sociedade da información, aprendizaxe permanente e ao longo de toda a vida.

UD	Título da UD	Duración
11	A Revolución Industrial e a nova organización social.	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Elaborar contidos propios en distintos formatos, mediante aplicacións e estratexias de recollida e representación de datos máis complexas, usando e contrastando criticamente fontes fiables, tanto analóxicas como dixitais, do presente e da historia contemporánea, identificando a desinformación e a manipulación.	Realiza un mapa mental coas causas da revolución agraria e demográfica en Gran Bretaña previas á Revolución Industrial	PE	70
CA2.3 - Transferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos.	Contesta ás preguntas cun nivel suficiente sobre as causas da Revolución Industrial, os principais sectores productivos, a revolución dos transportes e a nova sociedade de clases.		
CA1.5 - Rexeitar actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade, a partir da análise da relación entre os aspectos xeográficos, históricos, ecosociais e culturais que conformaron a sociedade globalizada e multicultural actual, e o coñecemento da achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e a igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados.	Realiza un traballo sobre o papel das primeiras asociacións de obreiros e primeiros sindicatos en defensa dos dereitos dos obreiros	TI	30
CA3.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dosieres informativos, que reflectan un dominio e consolidación dos contidos tratados.	Realiza un traballo onde relaciona a produción en serie e o traballo en cadea que xurde na Revolución Industrial coa forma de producir nas industrias da súa contorna.		
CA3.4 - Recoñecer movementos e causas que xeren unha conciencia solidaria, promovan a cohesión social e traballen para a eliminación da desigualdade, especialmente a motivada por cuestión de xénero, e para o pleno desenvolvemento da cidadanía, mediante a mobilización de coñecementos e estratexias de participación, traballo en equipo, mediación e resolución pacífica de conflitos.	Realiza un traballo sobre as condicións laborais e de vida do proletariado e o traballo de nenos e mulleres na Revolución Industrial e o pon en relación ao traballo infantil na actualidade co fin de potenciar un debate sobre a explotación laboral na infancia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Sociedade da información. Procura, tratamento da información, uso de datos en contornas dixitais e avaliación e contraste da fiabilidade das fontes. O problema da desinformación. Uso específico do léxico relativo aos ámbitos histórico, artístico e xeográfico. - Cultura mediática. Técnicas e métodos das Ciencias Sociais: análise de textos, interpretación e elaboración de mapas, esquemas e sínteses, representación de gráficos e interpretación de imaxes a través de medios dixitais accesibles. Tecnoloxías da información xeográfica. - A industrialización en Europa, España e Galicia. Transicións, revolucións, permanencias e cambios na nova orde mundial. Nacemento dunha nova sociedade. - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita polos dereitos laborais e sociais: o estado do benestar.

UD	Título da UD	Duración
12	As expresións artísticas e culturais ata a metade do s. XIX	7

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Identificar os principais feitos históricos nos diferentes contextos e valorar os cambios que propiciaron nos aspectos ideolóxicos, sociais, políticos e económicos conformando as bases do mundo contemporáneo e actual; así mesmo, xustificar que feitos do pasado teñen unha incidencia no presente establecendo relacións de causalidade e consecuencialidade que todo acontecemento histórico vai provocar no futuro.	Clasifica as características do Rococó, do Neoclasicismo e do Romanticismo e enumera algún exemplo de España e Galicia e os relaciona cos feitos históricos.	PE	70
CA2.8 - Recoñecer os trazos que van conformando a identidade propia e a dos demais, a riqueza das identidades múltiples en relación con distintas escalas espaciais, a través da investigación e a análise dos seus fundamentos xeográficos, históricos, artísticos, ideolóxicos e lingüísticos, e o recoñecemento das súas expresións culturais.	Coñece a grandes rasgos a vida e obra de Goya e ten certo coñecemento das obras e do significado da Carga dos Mamelucos e os Fusilamentos do 3 de maio e os relaciona coa invasión napoleónica.		
CA1.1 - Elaborar contidos propios en distintos formatos, mediante aplicacións e estratexias de recollida e representación de datos máis complexas, usando e contrastando criticamente fontes fiables, tanto analóxicas como dixitais, do presente e da historia contemporánea, identificando a desinformación e a manipulación.	Realiza un traballo onde identifica os diferentes estilos artísticos da época comparando distintas imaxes	TI	30
CA2.3 - Transferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos.	Realiza un traballo sobre os movementos artísticos: Rococó, Neoclasicismo e Romanticismo incorporando nomes de mulleres artistas e xulga o por que do seu relegamento.		
CA3.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dossieres informativos, que reflectan un dominio e consolidación dos contidos tratados.	Realiza unha síntese sobre o valor da arte e a súa relación co contexto e cita algunha influencia de Goya nos pintores posteriores.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Sociedade da información. Procura, tratamento da información, uso de datos en contornas dixitais e avaliación e contraste da fiabilidade das fontes. O problema da desinformación. Uso específico do léxico relativo aos ámbitos histórico, artístico e xeográfico. - Cultura mediática. Técnicas e métodos das Ciencias Sociais: análise de textos, interpretación e elaboración de mapas, esquemas e sínteses, representación de gráficos e interpretación de imaxes a través de medios dixitais accesibles. Tecnoloxías da información xeográfica.

Contidos

- O nacemento das novas expresións artísticas e culturais ata a metade do século XIX e a súa relación coas artes clásicas. A personalidade independente de Goya. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial.
- O patrimonio como ben e como recurso. Posta en valor, difusión e xestión da riqueza patrimonial.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía empregada á hora de traballar no curso de terceiro os contidos da materia debe permitir que o alumnado adquira o coñecemento dos feitos e fenómenos xeográficos e históricos nun sentido amplo para que poida establecer relacións e detectar as repercusións que estes tiveron no seu momento e aínda teñen no presente. Unha vantaxe da Xeografía e Historia é que o alumnado adoita a ter coñecementos previos por experiencias vividas, polo que é preciso aproveitalos para favorecer que siga construíndo a súa aprendizaxe, actuando o profesorado de guía e propiciador do progreso dos saberes.

As unidades temáticas do curso poden abordarse desde unha perspectiva cronolóxica ou transversal, en función dos obxectivos didácticos e as situacións de aprendizaxe propostas, incidindo na contextualización histórica e xeográfica desde un enfoque multicausal e desde unha perspectiva de estudo comparado. Para iso, pódense priorizar contidos e ir ao esencial co fin de traballar dun xeito operativo, práctico e comprensible.

Seguindo a máxima de que se aprende facendo é recomendable o emprego de metodoloxías abertas, flexibles e activas que poñan ao alumnado no reto de resolver as tarefas encomendadas que conduzan a aumentar o seu interese, a súa motivación e a súa autonomía. Neste aspecto é viable aplicar neste curso diversos métodos como o traballo por proxectos; a clase invertida; aprendizaxe baseada no xogo ou baseada nun problema, etc. Todos eles propician que o alumnado traballe e afonde nas súas competencias e se lle valoren os progresos e non só os resultados.

En efecto, diversificar as metodoloxías segundo a Unidade a traballar, ademais de romper coa rutina, vai axudar a que o docente teña maior perspectiva de coñecemento do alumnado nas diferentes facetas e detectar, así mesmo, as dificultades de aprendizaxe que aparezan e aplicar, en consonancia, os mecanismos de reforzo axeitados (discriminando tarefas, regulando a esixencia, propoñendo alternativas...).

Por medio de actividades como o deseño de rutas; simulacións de feitos históricos ou de personaxes; investigacións sobre temas curriculares; elaboración de xornais de época; redacción de pequenos comentarios históricos e artísticos; exposicións orais; debates; planteamentos e retos, etc., incentívase a iniciativa, a creatividade e o emprendemento do alumnado facendo que se sinta parte activa do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

O emprego de mecanismos como a formulación de interrogantes, tormenta de ideas, debates, recreación de feitos, asembleas, poñerse "en situación de" facilitan o intercambio de información, o desenvolvemento crítico e a creación dun criterio persoal ou xuízo de valor que conduce á madurez e desenvolvemento dos estudantes.

Outro aspecto a ter en conta son as dinámicas de grupo (constrúe unha historia, adiviña quen son, ordena a historia, resolve e soluciona...) xa que a aprendizaxe entre iguais é moi efectiva. Poden propoñerse tarefas a desenvolver de xeito individual, pequeno grupo ou gran grupo buscando o maior rendemento do alumnado e unha maior interacción entre eles. Posteriormente, coa posta en común do traballado estableceríase un diálogo moi enriquecedor para a comprensión dos contidos.

Por suposto, é recomendable establecer unha diversificación dos itinerarios de aprendizaxe, así como a aplicación de criterios de flexibilidade que permitan poñer en acción propostas e iniciativas educativas que favorezan a inclusión. En relación a isto, o profesorado poderá facer emprego de distintas estratexias que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado para que adquiran autonomía e aprendan por si mesmos, o que vai permitir reforzar a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

Así pois, a innovación, o deseño, a actividade, a creatividade son características a contemplar nos métodos que se aplican na aula escapando das clases exclusivamente expositivas e unidireccionais que non permiten coñecer as capacidades reais do alumnado, as súas habilidades, destrezas e intereses.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto
Aula Virtual do Centro
Caderno de traballo do alumnado
Material audiovisual
Mapas xeográficos e históricos
Prensa dixital e escrita
Fichas fotocopiáveis
Apuntamentos do docente
Material funxible

Hoxe en día contamos cunha grande diversidade de recursos pedagóxicos para cada momento didáctico ou metodoloxía a empregar.

O libro de texto é un importante apoio para o profesorado e para o alumnado xa que aglutina todas as unidades que se van traballar ao longo do curso e tamén ofrece diversas e numerosas actividades a desenvolver. Non obstante, débese ter en conta que non debe condicionar a función do docente nin a súa metodoloxía, polo que o profesorado, como profesional que é, determinará e xestionará o seu uso.

Ademais do libro de texto empregárase material complementario, incluso elaborado polo docente, que se acomode ás oportunidades que se presenten na aula.

O alumnado requirirá dun caderno de traballo onde plasmará as tarefas de xeito ordenado e con boa presentación. Dito cartafol será unha mostra máis do traballo do/a alumno/a e da súa progresión.

Logo están os recursos que se ofrecen a través da Aula Virtual que poden realizarse e entregarse a través da plataforma. Así mesmo, a Aula Virtual permite ao docente deseñar diferentes tipos de tarefas avaliábeis e perfectamente adaptábeis aos contidos que se están a impartir e é un medio idóneo para que o alumnado se comunique co profesorado, consulte dúbidas, obteña aclaracións, etc.

Hoxe en día o manexo das TIC son necesarias pois ofrecen moitas vantaxes pero o docente será selectivo no seu emprego e transmitirá ao alumnado a necesidade do seu uso responsable.

As novelas ou o cine que traten algún dos aspectos do currículo de terceiro adoitan ser un material atractivo para afondar e comprender os contidos. Estes poden ser traballados na súa totalidade ou parcialmente segundo a organización e dispoñibilidade temporal.

Pode dispoñerse de xogos históricos para ser empregados nalgunha ocasión pois favorecen un bo clima escolar.

Malia que estamos nun momento moi tecnolóxico non se poden descartar os traballos de carácter manual, elaborados con material funxible, como os pósteres ou murais temáticos xa que é importante que o alumnado planifique, deseñe e constrúa co fin de que desenvolva as súas destrezas e a súa proactividade.

No curso de terceiro abórdanse temáticas que, en grande medida, están en boga como a globalización, o medio ambiente, o mundo laboral, as migracións, a democracia...etc, polo que o emprego da prensa resulta interesante para darlle ese enfoque práctico e de realidade á aprendizaxe.

En definitiva, deben empregarse diferentes materiais didácticos coa intención de diversificar non só a metodoloxía senón tamén a aprendizaxe individual.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo de curso realizarase unha proba diagnóstica inicial co fin de detectar o nivel de competencia e a capacidade dos/das alumnos e alumnas. Así mesmo permitirá valorar as diferenzas académicas do alumnado para, en consecuencia, poder establecer as medidas oportunas para atender á diversidade que nos atopamos na aula.

Dita avaliación inicial consistirá en exercicios orais e escritos de diferente índole. Por unha banda, farase unha proba escrita (de preguntas, de completar textos, de relacionar, de ordenar, etc.) na que se avaliarán contidos histórico-xeográficos; pola outra banda, desenvolverase unha avaliación máis aberta e expositiva sobre diversos temas curriculares que permita coñecer as destrezas orais.

Así mesmo é preciso unha proba diagnóstica ao comezo de cada Unidade Didáctica coa finalidade de saber os coñecementos previos que ten o alumnado sobre o tema que se vai abordar para, a partir deles, seguir construíndo os seus saberes. Dita proba inicial realizarase axustándose a cada unidade, pero en liñas xerais consistirá na elaboración de cuestionarios, test, enunciados de verdadeiro falso, tormenta de ideas, entrevistas, asembleas, redaccións, visualización comentada de pequenos audiovisuais, pescudas...

Outra das vantaxes da avaliación inicial é a de ofrecer información sobre a predisposición do alumnado cara o tema que se vai a traballar, permitindo concretar os contidos que suscitan maior interese ou que se descoñecen totalmente. Ademais dá pé a definir a didáctica e a metodoloxía para abordar a unidade.

Outro aspecto importante destas probas diagnósticas é que permiten detectar as confusións e incorreccións que os estudantes teñen sobre os contidos a tratar e que van precisar aclaración e rectificación, sendo idóneo plantearlles que sexan eles/elas mesmos/as os que, por medio de pescudas, cheguen ás conclusións exactas.

Por último, puntualizar que estas probas iniciais non teñen por que ser valoradas numéricamente xa que non entran no cómputo de cálculo da cualificación do alumnado.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	5	9	9	9	9	9	9	9	9	9
Proba escrita	70	70	70	70	70	70	70	70	70	70
Táboa de indicadores	30	30	30	30	30	30	30	30	30	30

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	9	5	100
Proba escrita	70	70	70
Táboa de indicadores	30	30	30

Criterios de cualificación:

A avaliación do curso establécese segundo o proceso de avaliación continua e criterios de ponderación a varios niveis. Por unha banda establécese unha ponderación por unidades didácticas, de tal xeito que cada unha delas ten un peso específico no global do curso. Por outra banda os instrumentos de avaliación, probas escritas e táboa de indicadores, réxense por uns criterios de puntuación e así mesmo de ponderación.

O curso de terceiro comprende 22 C.A distribuídos e axustados a cada unha das 12 U.D e, nesta programación, algúns dos criterios de avaliación serán avaliados por medio de probas escritas e o outros mediante táboa de indicadores. Por unidades didácticas estableceuse o peso que se lle daba aos instrumentos de avaliación resultando que as probas escritas é do 70% e o das táboas de indicadores un 30%.

A probas escritas puntuaranse nunha escala de 1 a 10 e consistirán na contestación dunha serie de preguntas de diverso formato, por exemplo, poden ser tipo test; elaboración de mapas políticos; de desenvolver; de relacionar conceptos; de identificar e comentar imaxes; gráficas ou textos, de definir termos; etc. Sempre se especificará o valor de cada pregunta, entendendo que se está contestada correctamente levará a puntuación máxima pero, de non ser así, a puntuación diminuirá en consecuencia cuns criterios obxectivos que o docente debe ter previamente fixados. Finalmente a cualificación do exame será o resultado da suma total da puntuación acadada en cada cuestión.

A táboa de indicadores comprenderá todas as tarefas e aspectos procedimentais que se encomenden ao alumnado que poden ser traballos escritos; informes e redaccións; presentacións en ordenador; cadernos e cartafol; resumos; pósteres; exposicións orais, etc. Para a corrección destes traballos empregaranse as rúbricas adaptadas a cada tarefa entre as que figurará unha que recolla a actitude e implicación do/da alumno/a no traballo, deste xeito considérase o interese como aspecto a valorar.

A nota da avaliación será o resultado de:

Nota avaliación= [(Media Ex. x 70)+ (Media rúbricas T.I. x 30)] / 100.

Unha vez realizadas as operacións, aplicarase o redondeo tendo en conta que cando o decimal é superior a 5 o redondeo irá á alza e, pola contra, se é inferior, irá á baixa. A avaliación estará aprobada cando a cualificación sexa 5 ou superior. No caso de resultar unha avaliación negativa levarase a cabo un plan de recuperación desa avaliación. As probas de recuperación ao longo do curso terán lugar unhas semanas despois de cada unha das sesións de avaliación a excepción da terceira avaliación.

Para a cualificación final de curso terase en conta a media das tres avaliacións.

Se o resultado final non chega a un 5 o/a alumno/a terá que presentarse a unha proba extraordinaria en xuño. Novamente, a cualificación deberá ser superior a 5 (nunha escala de 1-10) para ter a materia aprobada, en caso contrario quedaría pendente e, en canto ao redondeo, aplicaráselle o establecido para as avaliacións.

Criterios de recuperación:

O alumnado que non teña superado de forma positiva a 1ª/2ª avaliación deberá realizar unha proba de recuperación que se realizará semanas despois de cada unha das sesións de avaliación. A recuperación da terceira avaliación realizarase na proba final de xuño.

O alumnado que non supere estas probas de recuperación da 1ª/2ª avaliación, recibirá un caderno de actividades de apoio e repaso da materia correspondente co fin de preparar os contidos para un exame final en xuño.

- Estes cadernos de actividades versan sobre os contidos mínimos imprescindibles da materia.

- O total do caderno de reforzo ou calquera outro material entregado puntuarase ata un máximo de 1 punto na recuperación final de xuño.

- A realización dos cadernos de actividades considerase un requisito imprescindible para a consecución dos contidos mínimos.

- O profesorado estará a disposición do alumnado para a resolución de dúbidas na elaboración do caderno/s de apoio e repaso.

Todo o traballo de recuperación será guiado polo docente e este estará en disposición de realizar as aclaracións e correccións que sexan pertinentes para promover unha recuperación positiva.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021 establece o Plan de reforzo para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que pase de curso con materias sen superar. Nel indícase que o alumnado deberá seguir un plan de reforzo en cada unha das materias non superadas, destinado á súa recuperación e á súa superación.

O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno teñan pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno.

O plan de reforzo debe incluír, cando menos:

a) Identificación da alumna ou do alumno.

b) Información relevante sobre a materia ou as materias sen superar.

c) Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.

d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.

e) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.

f) Tarefas para realizar, coa debida temporalización.

g) Seguimento e avaliación.

g) Acreditación da información á familia.

Segundo o indicado, o alumnado coa materia pendente será convocado ao inicio do curso para explicarlle o plan de recuperación. Este consistirá na elaboración dun cartafol de traballo baseado en tarefas a través das cales se traballan as competencias básicas. Ademais disto vai ter que realizar exames escritos sobre as preguntas que se lle proporcionaron xunto co cartafol.

O alumno/a será guiado regularmente polo/a profesor/a, o que permitirá facer un seguimento do seu traballo e aclarar as dúbidas que se lle presenten.

A entrega do cartafol de traballo e a realización do exame será por trimestre.

En virtude de todo isto a cualificación suporá:

50% da nota acadada no exame escrito sobre as preguntas que se lle entregaron e que previamente tivo que preparar.

50% da nota acadada polo traballo realizado cuxa cualificación está determinada polas rúbricas específicas, resultando a media de todas elas.

Polo tanto a nota é o resultado de:

Nota trimestral da materia pendente= (Nota Ex. + Nota Traballo) / 2.

No caso de que o/a alumno/a non aprobase o exame realizaráselle, cando se indicase, unha recuperación consistente nunha proba escrita en base ás preguntas preparadas e puntuada nunha escala de 1 a 10 non tendo que presentar o traballo se este xa foi entregado e valorado positivamente, en caso contrario, si debe corrixilo e adxuntalo de novo.

En virtude do anterior, en cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e, de ser necesario, realizaráselle os axustes que proceda.

Para a nota final de curso sería o resultado de:

Nota final de curso: (Nota 1ª Av. + Nota 2ª Av.+ Nota 3ª Av.) / 3.

Na sesión de avaliación final do curso en que estean escolarizados o alumno ou a alumna, a profesora ou o profesor da materia pendente decidirán sobre a súa avaliación, nos termos que se establecen na normativa que regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria. En todo caso, para superar a materia pendente, a alumna ou o alumno deberán obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente, o que se terá en conta para os efectos de promoción e/ou titulación.

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas de atención á diversidade danse en dous niveis:

Para o alumnado con dificultades de aprendizaxe levarase a cabo un traballo de reforzo e recuperación cunha proposta de material de traballo adaptado para facerllo máis comprensible. Deste xeito o alumnado con dificultades pode decatarse dos seus logros e automotivase máis.

Ao alumnado de altas capacidades proporcionaráselle tarefas de ampliación e afondamento. Ditas actividades poden ir sendo cada vez máis complexas segundo as necesidades pero sempre terán un compoñente motivador para evitar que dito alumnado decaia no seu esforzo.

As medidas ordinarias de atención á diversidade responden ás instrucións da Orde do 8 de setembro de 2021 que regula a atención á diversidade do alumnado na que se indica que, en coordinación co profesorado titor e o departamento de Orientación, deseñárase unha avaliación inicial que facilite a detección das necesidades do alumnado. As medidas de atención á diversidade serán as seguintes:

1. Adaptación dos graos de consecución dos criterios de avaliación.

2. Gradación da dificultade das actividades de aprendizaxe.

3. Actividades diversas e variadas adaptadas aos distintos ritmos de aprendizaxe.

4. Materiais e recursos diversificados e inclusivos (DUA) que se adapten ás necesidades individualizadas do alumnado.

5. Actividades de reforzo e consolidación.

6. Aprendizaxe por Proxectos.

7. Traballo colaborativo.

8. Procedementos e Instrumentos de avaliación variados e individualizados.

9. Flexibilidade nos tempos de realización de tarefas e probas.

10. Retroalimentación ao alumnado sobre o seu proceso de aprendizaxe.

Contéplase tamén un Plan específico personalizado para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que permaneza un ano máis no mesmo curso.

En cumprimento do artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado, o equipo docente coordinado polo profesorado titor elaborará un plan específico personalizado que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas.

O plan específico personalizado incluírá, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - ET.1- Educación cívico-social.		X	X			X	X	
ET.2 - ET.2- Educación ambiental	X	X		X		X		
ET.3 - ET.3- Educación para a igualdade		X					X	X
ET.4 - ET.4- Emprendemento.			X	X				
ET.5 - ET.5- Comprensión lectora, oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - ET.6 -Obxectivos do Desenvolvemento Sostible.	X		X			X		
ET.7 - ET.7- Educación para a paz.		X						X
ET.8 - ET.8- Educación para o consumidor			X	X	X	X		

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - ET.1- Educación cívico-social.				X
ET.2 - ET.2- Educación ambiental			X	
ET.3 - ET.3- Educación para a igualdade				
ET.4 - ET.4- Emprendemento.			X	
ET.5 - ET.5- Comprensión lectora, oral e escrita.	X	X	X	X
ET.6 - ET.6 -Obxectivos do Desenvolvemento Sostible.				
ET.7 - ET.7- Educación para a paz.	X	X		

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.8 - ET-8- Educación para o consumidor				X

Observacións:

Serán traballados todos os elementos transversais, en especial a comprensión lectora e a expresión oral e escrita pois o alumnado vai ter que ler en diferentes formatos e redactar resumos, opinións, textos, comentarios xeográficos e históricos, etc. Por suposto traballar a educación cívica, a igualdade, o coidado do medio ambiente, educación para paz, en definitiva, os ODS...é prioritario nesta materia e neste curso xa que gran parte dos temas curriculares xiran arredor destes aspectos. Así mesmo, a comunicación audiovisual será aproveitada dun xeito responsable en todas as unidades pois servirán de apoio á práctica docente e ao desenvolvemento das competencias das TIC do alumnado. Como tema transversal incluíuse a comunicación pois vanse promover os debates ordenados nos que se cumpran as normas de respecto e a tolerancia polas opinións contrarias que, en definitiva, conlevan a unha actitude cívica e a asunción dos valores constitucionais e democráticos. O emprendemento tamén se considera importante por canto se pretende que o alumnado realice propostas e promova unha actitude proactiva e participativa para levar a cabo os traballos de aula e/ou emitir propostas que enriquezan o clima da aula.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición
Visitas a exposicións e museos	Complementaria
Excursións de interese didáctico	Complementaria
Asistencia a conferencias	Complementaria
Proxección de cine de interese para a materia	Complementaria
Asistencia a representacións teatrais	Complementaria
Visitas a empresas e/ou institucións	Complementaria

Observacións:

Todas as actividades complementarias axudan a potenciar a motivación, a comprensión e a aprendizaxe do alumnado así como a saír da rutina. Permiten afondar nos contidos do currículo e comprobar a súa aplicación real . A nivel persoal, facilitan a socialización do alumnado, desenvolver a súa creatividade e descubrir as súas habilidades fóra do ámbito escolar. Agora ben, é preciso que estas sexan escollidas adecuadamente, sexan motivadoras e se adapten ao nivel de comprensión do alumnado. Establécense tres fases para a preparación e desenvolvemento destas actividades: -Unha primeira fase previa que consiste na preparación do alumnado. Nela dáse información do tema e propóñense tarefas para desenvolver durante a actividade. -Unha segunda fase ou fase central consistente na actividade propiamente dita durante a cal o alumnado deberá coller datos e información. -Xa na aula unha terceira fase de feed-back para comprobar o resultado da experiencia

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Demostra coñecemento da materia
Planifica as unidades, ensina e avalía
Avalía e xulga en función dos criterios da programación
Crea ambiente de aprendizaxe
Emprega variedade de recursos
Motiva ao alumnado
Ofrece oportunidades de recuperación
É ordenado nas explicacións
Explica con claridade
Resolve dúbidas
É innovador/a
Aplica criterios de avaliación coñecidos e claros
Revisa a realización das tarefas propostas
Valora o esforzo
Sabe dirixir as clases
Cumpre co horario das clases
Valoración xeral da materia
Os obxectivos didácticos están ben formulados
A selección e temporalización dos contidos e actividades foi axustada
Os criterios de avaliación e cualificación foron claros
Os contidos e actividades relacionáronse cos interese do alumnado
As actividades foron variadas e motivadoras
A temporalización foi adecuada
Empregáronse diferentes instrumentos de avaliación

Descrición:

O profesorado debe someterse á avaliación do seu proceso de ensino e práctica docente.

En canto á práctica docente, esta realizarase por medio de enquisas e rúbricas que conteñen unha escala de valoración e que xiran entorno a "sabe", "sabe ser", "sabe facer que" e "sabe como facer", é dicir, sobre coñecementos, motivación, metodoloxía, avaliación, puntualidade e xestión da aula.

Este cuestionario en base á responder SI ou NON será proporcionado ao alumnado ao final de cada avaliación ou ao remate do curso para ser respondido de forma anónima. O balance dos resultados vai permitir reconsiderar determinadas actuacións e reformular a programación e a metodoloxía.

Igual de importante é avaliar o proceso do ensino para o cal dispónse dun cuestionario de autoavaliación cos indicadores de logro puntuables nunha escala de 1 a 10. O cuestionario versa sobre a programación (obxectivos, contidos e temporalización, criterios de avaliación e programación). Sobre o desenvolvemento da programación (contidos, actividades, distribución do tempo, recursos..) e sobre a avaliación (se houbo avaliación inicial, instrumentos axeitados, criterios de cualificación xustos...)

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O profesorado realizará de xeito contínuo o seguimento da programación atendendo á súa temporalización, criterios establecidos de avaliación, contidos a impartir, metodoloxía, etc.... todo isto coa finalidade de ir axustando e incluso modificando aqueles aspectos didácticos que crea convenientes para que dita programación resulte máis real, aplicable e operativa.

Farase un seguimento da programación e da práctica docente a través da aplicación Proens por avaliación trimestral, recolléndose datos sobre a temporalización, os axustes dos Criterios de Avaliación, os instrumentos de avaliación, a ponderación dos mesmos, etc.. Toda esta información xunto coa referida aos contidos, metodoloxía, avaliación, etc., será valorada polo docente e os/as membros do Departamento indicando, sobre todo, as posibles razóns das dificultades do desenvolvemento da programación (polo clima da aula, recursos, diversidade de alumnado, etc.). De todo isto se elaborará un informe detallado nas actas do departamento.

Para avaliar o proceso de ensino deben empregaranse os indicadores de logro establecidos na programación e comprobar o seu grao de cumprimento.

Finalmente, nas memorias de final de curso aparecerán recollidas as propostas de mellora que fosen necesarias poñer en práctica nos cursos sucesivos, procurando ir axustando a programación á temporalidade e á realidade

9. Outros apartados